



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Mestre/a en Educación Infantil
Mención en Linguaxes Artísticas

Traballo Fin de Grao

**Os proxectos na Educación Infantil.
Análise dunha experiencia sobre os
dinosaurios**

Autora: Irene Vidal Pérez

Titor: Xosé Armas Castro

Xullo, 2015

Os proxectos na Educación Infantil. Análise dunha
experiencia sobre os dinosauros

Los proyectos en la Educación Infantil. Análisis de una
experiencia sobre los dinosaurios

Projects in Early Childhood Education. Analysis of an
experience on dinosaurs

Resumo:

No presente Traballo Fin de Grao, correspondente ó Grao en mestre ou mestra de Educación Infantil preténdese un estudo de caso acerca do desenvolvemento do proxecto de traballo “Os dinosauros”. Este proxecto realizouse no curso 2013-2014 con nenos e nenas de 3 e 4 anos no CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños. A Coruña). No curso seguinte á súa realización levouse a cabo unha sesión de recordo cos estudantes do proxecto na que a entrevista e a observación participante constituíron os principais medios de obtención de información. O estudo de caso, realizado seguindo os fundamentos teóricos expostos, pon de manifesto que o proxecto deixou unha forte pegada nos recordos dos estudantes un ano despois, sendo capaces de relatar as experiencias máis importantes levadas a cabo e algúns dos contidos relevantes cun nivel de seguridade sorprendente por veces.

Palabras chave:

Traballo por proxectos, educación infantil, dinosauros, recordos dos estudantes, linguaxes artísticas

Resumen:

En el presente Trabajo de Fin de Grado, correspondiente al Grado en maestro o maestra de Educación Infantil se pretende un estudio de caso acerca del desarrollo del proyecto de trabajo “Los dinosaurios”. Este proyecto se realizó en el curso 2013-2014 con niños y niñas de 3 y 4 años en el CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños. A Coruña). En el curso siguiente a su realización se llevó a cabo una sesión de recuerdo con los estudiantes del proyecto en la que la entrevista y la observación participante constituyeron los principales medios de obtención de información. El estudio de caso, realizado siguiendo los fundamentos teóricos expuestos, pone de manifiesto que el proyecto dejó una fuerte huella en los recuerdos de los estudiantes un año después, siendo capaces de relatar las experiencias más importantes llevadas a cabo y algunos de los contenidos relevantes con un nivel de seguridad sorprendente por veces.

Palabras clave:

Trabajo por proyectos, educación infantil, dinosaurios, recuerdos de los estudiantes, lenguajes artísticos.

Abstract:

The main objective of this paper, corresponding to the Degree of Early Childhood Teaching is a case study about the project "Dinosaurs". This project was developed during the 2013-2014 school year with children between the ages of 3 and 4 at CPI *As Revoltas (Cabana de Bergantiños, A Coruña)*. During the following school year, 2014-2015, a memory session took place where the information was gathered through participative observation and interviews with students who had participated in the above mentioned project. Documentary analysis on project method establishes the basis to interpret the fieldwork in this dissertation. The case study shows the strong impact produced by the project "Dinosaurs" in the memories of students a year later, being able to relate the most important experiences performed and some of the relevant contents with a surprising level of security.

Keywords:

Project Method, Early Childhood Education, dinosaurs, memories of students, artistic languages.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.....	3-4
3. O MÉTODO DE PROXECTOS.....	4-12
3.1. Orixe e historia.....	4-6
3.2. Fundamentos, vantaxes e dificultades dos proxectos.....	6-10
3.3. Trazos e fases dun proxecto.....	10-12
4. O PROXECTO “OS DINOSAUROS”.....	12-18
4.1. Motivación: Como xorde?	12
4.2. Ideas iniciais: Que sabemos sobre os dinosauros?.....	13
4.3. Definición do proxecto: Que queremos saber sobre os dinosauros?.....	13-14
4.4. Procura de información.....	14-15
4.5. Actividades.....	15-16
4.6. Avaliación: Que aprendemos dos dinosauros?.....	17-18
5. EXPLORANDO OS RECORDOS DOS ESTUDANTES.....	19-31
5.1. “Si...Os dinosauros”.....	20-21
5.2. “Son máis grandes ca este cole e podían facer... Raw”.....	21-23
5.3. “Xogamos a ser...paleontólogos”	23-24
5.4. O recordo das actividades realizadas.....	24-26
5.5. As actitudes dos estudantes cara o proxecto.....	26-27
5.6. Análise dos debuxos.....	27-31
6. CONCLUSIÓN.....	31
7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	32
8. ANEXOS.....	33-53
8.1. ANEXO I: Entrevista á mestra.....	33-34
8.2. ANEXO II: Entrevistas ós estudantes.....	35-48
8.3. ANEXO III: Actividades do proxecto “Os Dinosaurios”.....	49-51
8.4. ANEXO IV: Debuxos dos dinosauros.....	52-53

1. INTRODUCCIÓN

O Traballo Fin de Grao que se presenta a continuación corresponde ó Grao en Mestre de Educación Infantil. A liña temática seguida é a metodoloxía de proxectos como forma de traballo na aula que se opón á metodoloxía tradicional que segue a imperar nos procesos de ensino e aprendizaxe dende os primeiros niveis educativos. O traballo por proxectos dende a súa perspectiva integradora das diversas áreas do currículo, dá resposta ó modo en que o neno ou nena de educación infantil percibe a realidade e, polo tanto, ó modo en que aprende. Esta metodoloxía ten en conta, ademais, os intereses e necesidades de aprendizaxe dos nenos e nenas o que posibilita a construción de aprendizaxes significativas e duradeiras.

É, polo tanto, un tema de especial relevancia para calquera mestre ou mestra de educación infantil, pois achega unha nova concepción do neno, do mestre e de todos aqueles procesos que teñen cabida nunha comunidade educativa. Neste traballo, a través dunha análise documental, achéganse as orixes e fundamentos teóricos dos proxectos que conforman a base para a interpretación do traballo de campo.

A partir dos fundamentos teóricos que se ofrecen na primeira parte, levouse a cabo un estudo de caso que ten como obxecto a análise dun proxecto realizado durante o curso 2013-2014 con motivo do Practicum II do Grao. Neste proxecto, chamado “Os Dinosaurios”, participaron 13 nenos e nenas de 3 e 4 anos (2º ciclo de Educación Infantil) do CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños). Na aula na que tivo lugar o proxecto, a metodoloxía habitual era moi semellante ao que coñecemos como método tradicional (a mestra como protagonista, actividades estandarizadas, traballo con fichas...), polo que o proxecto supoñía unha nova experiencia para os nenos e nenas.

A través deste traballo puidemos coñecer de forma máis profunda o método de proxectos, exercitámonos no deseño e desenvolvemento dun proxecto para a aula e introducímonos nos métodos e técnicas de investigación a través da realización de entrevistas e a observación participante. Este traballo ten contribuído, así, á adquisición de competencias profesionais para o traballo como mestra de educación infantil que teñen que ver co coñecemento dos estudantes, os seus intereses e as súas actitudes cara á aprendizaxe, o deseño e desenvolvemento de propostas de ensinanza innovadoras e a familiarización con certas técnicas de investigación e innovación educativa.

Tendo en conta que este traballo debe formar parte da **Mención en Linguaxes Artísticas** do Grao en Mestre de Infantil, dedicamos unha atención especial ao desenvolvemento das destrezas artísticas do alumando, especialmente a expresión plástica, a cuxa análise dedicamos un apartado específico ao final do traballo.

2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Este traballo pretende desenvolver unha idea que o percorre de forma máis ou menos explícita: que os proxectos de traballo producen efectos máis profundos e duradeiros na aprendizaxe e na vida dos estudantes que as actividades máis estandarizadas e rutineiras, que son máis frecuentes nas aulas de educación infantil. Os obxectivos que persegue o traballo son:

- Realizar un percorrido histórico sobre o método de proxectos, dende as súas orixes ata a actualidade.
- Identificar os principais fundamentos teóricos, vantaxes e dificultades que presenta o emprego na aula da metodoloxía de proxectos.
- Describir o desenvolvemento do proxecto “Os Dinosaurios” segundo as fases propostas para esta metodoloxía.
- Analizar os recordos dos estudantes participantes no proxecto “Os Dinosaurios”, constatando o impacto que este tivo nas súas aprendizaxes.

No traballo utilizouse unha metodoloxía de corte cualitativo (Blaxter, Hughes e Tight, 2008) que se caracteriza polo uso de datos non numéricos. Nesta metodoloxía asúmese o carácter dinámico dunha realidade e téndese ó descubrimento, exploración, descrición para a comprensión do comportamento dende o marco de referencia dos protagonistas. Os resultados que se derivan das investigacións cualitativas non adoitan ser xeneralizables senón que se basean no estudo de casos únicos.

A través do estudo de caso o investigador observa as características dunha unidade individual como pode ser un neno, unha clase, unha escola ou unha comunidade. No estudo de caso exposto observouse a aula do proxecto “Os Dinosaurios”. O obxectivo da observación era analizar e afondar nos fenómenos múltiples que constitúen a vida da unidade para establecer xeneralizacións sobre unha poboación. Pretendeuse, polo tanto, a observación e recollida de datos acerca dos recordos dos estudantes sobre un proxecto para desvelar o impacto que tiña producido.

Para a recollida de información utilizáronse dúas técnicas propias das metodoloxías cualitativas: a entrevista e a observación participante.

O tipo de entrevista empregada foi a semiestruturada (Blaxter, Hughes e Tight, 2008) na que seguimos un guiión xeral, un conxunto de preguntas abertas que propician respostas persoais e detalladas. As entrevistas realizáronse o día 06/03/2015 no contexto de aula, no

recuncho da biblioteca, utilizando o procedemento de entrevistas a grupos de 3-4 estudantes. Nas entrevistas a pequenos grupos evítase a timidez que poden producir as entrevistas individuais e propíciase unha maior participación por parte dos informantes. As preguntas facían referencia ós trazos xerais do proxecto, ás actividades realizadas así como ás actitudes dos estudantes con respecto a el. Entrevistouse, ademais, á mestra titora para coñecer as súas concepcións acerca da metodoloxía de proxectos.

Outro dos métodos empregados foi a observación participante na que o observador se implica ou forma parte das situacións a observar (Blaxter, Hughes e Tight, 2008). A observación participante empregouse tanto nas sesións realizadas para o recordo do proxecto como durante o desenvolvemento do mesmo co obxecto de obter información acerca das actitudes, reaccións e respostas dos estudantes.

Para a recollida de información recorreuse a un rexistro mecánico, a gravadora dixital, así como a un rexistro non sistemático ou narrativo como son as notas de campo. Estas dúas formas de recollida de información complementáanse e contrarrestan as posibles carencias que cada unha poida presentar. A gravadora dixital permítelle ó entrevistador ou entrevistadora concentrarse unicamente no proceso da entrevista, ofrecéndolle ós participantes contacto visual e unha comunicación non verbal axeitada (especialmente necesaria cando estamos a falar de nenos de educación infantil que precisan de estímulos e reforzos continuados para manter a atención e interese); ademais, a gravadora permite un rexistro fiel e veraz dos datos. Porén, as gravacións en audio precisan das notas de campo para rexistrar aspectos da comunicación non verbal como xestos ou actitudes. As gravacións ocupan algo máis de 48 minutos e as transcripcións 15 páxinas¹.

3. O MÉTODO DE PROXECTOS

3.1. Orixe e historia

A metodoloxía de proxectos foi definida por William Heard Kilpatrick (1918) na súa obra “The Project Method”, metodoloxía que parece derivarse do movemento progresista educativo que tivo lugar a finais do S.XIX en Estados Unidos. Porén, estudos actuais remontan a aparición deste método de ensinanza-aprendizaxe a finais do século XVI, nas escolas de arquitectura de Roma. A continuación, faremos un breve percorrido pola historia do método por proxectos, seguindo neste percorrido a Knoll (1997).

Tras os primeiros precedentes nas academias de arquitectura de Roma no século XVI, na segunda metade do século XVIII, os proxectos convértense nun método común de ensinanza e produciuse a súa migración a América. Nesta época o profesor de Enxeñería

¹ As transcripcións das entrevistas á mestra e ós estudantes achéganse no ANEXO I e ANEXO II, respectivamente.

Mecánica de Illinois Stillman H. Robisión, defendía o carácter interdependente da teoría e da práctica pretendendo que o seus estudantes chegarán a ser profesionais prácticos e ó mesmo tempo cidadáns demócratas.

A finais do século XIX en Estados Unidos, Dewey e Richards defenden a metodoloxía por proxectos non como fin da educación senón como un punto de partida para acadar conceptos máis abstractos e afastados. Dewey afirma que para educar para a vida en sociedade é preciso estar inmerso na mesma; Richards engade que a mellor forma de trasladar o espírito da sociedade á escola é a aprendizaxe por proxectos, a través da cal se unifica pensamento e esforzo (Knoll, 1997).

A adaptación do “proxecto” a unha nova forma de entender a psicoloxía educacional foi levada a cabo polo filósofo Kilpatrick, baseándose nas ideas de Dewey. Segundo Kilpatrick (1918), é preciso ter en conta durante o proceso de aprendizaxe a psicoloxía do neno; este debe poder decidir libremente o que quere facer e formular as súas propostas, tendo a motivación como principal alento para o proceso. A partir disto, define o proxecto como un “acto significativo e realmente desexado” (“heartly purposeful act”) e propón catro fases a seguir: motivación, planificación, execución e xuízo crítico.

O principal desacordo co que se atopou foi o de Dewey, que criticaba a excesiva atención cara ó papel do neno como suxeito capaz de levar a cabo o proxecto, sen ter en conta a axuda e guía do mestre. As críticas de Dewey e outros educadores fixeron que a popularidade do método de proxectos se reduciuse a partir de 1930.

Foi a mediados do S. XX cando o método de proxectos se integrou nos enfoques do progresismo pedagóxico e nas novas ideas cognitivistas (relación entre os novos coñecementos e os previos, combinación de actividade práctica e intelectual, busca de relacións). Ademais, experimentaron unha gran expansión dende as universidades ás escolas e dende Europa Occidental ó resto do mundo.

O traballo por proxectos na actualidade centra a atención de numerosas investigacións que tentan conectar cada vez máis cos escenarios prácticos e os protagonistas implicados. Porén, no que respecta á súa presenza nas aulas, esta forma de abordar o currículo é algo minoritario fronte ó modelo tradicional (Pozuelos e Miranda, 2008).

Na entrevista realizada á mestra de educación infantil do CPI As Revoltas, coa que realizamos o Practicum do Grao, ponse de manifesto a maior difusión das metodoloxías tradicionais nas aulas de educación infantil do colexio:

Pregunta: Ó longo da súa traxectoria profesional, traballou algunha vez por proxectos?

Resposta: Mmm....si...(ton de dúbida) é dicir...A ver, si que traballei pero máis ben recentemente, máis ca fai uns anos.

Pregunta: Faino de forma habitual ou como algo puntual?

Resposta: Adoito facelo como algo puntual. Adoito facer así...un proxecto cada curso. Aínda que é verdade que o curso pasado e este estamos traballando máis ben por proxectos aínda que son proxectos pequenos, non son moi grandes.

Pregunta: Neste centro sabe se hai algún outro profesor que traballe coa metodoloxía de proxectos?

Resposta: Non, ningún outro. Soamente os de educación infantil pero o resto dos profesores non traballan por proxectos

3.2. Fundamentos, vantaxes e dificultades dos proxectos.

A organización dos contidos na aula debería responder, como afirma Zabala (1999), á necesidade de comprensión dunha realidade sempre complexa; isto, esixe o establecemento dunha cantidade inxente de relacións que permita a construción de coñecementos a partir de aspectos ou elementos que pertencen a ámbitos diversos da realidade. Nesta mesma dirección, Tonucci (2014: 63) afirma:

Ó alumno non se lle permite o excitante encontro coa complexidade nin a intensa emoción de se apropiarse só dunha parte desa complexidade. É o adulto quen lle propón ó alumno un anaquiño daquel mundo complexo, de xeito que teñamos a garantía de que a actividade asignada produza as aprendizaxes desexadas con seguridade e nos tempos previstos. Aquel anaco de mundo perde todo o feitizo e todo o misterio, vólvese incomprendible, separado de todo o demais, e serve só para aprender na escola...

Partindo da aceptación da realidade como sistema complexo que debe ser comprendido, faise necesario a adopción de perspectivas integradoras nos procesos educativos. Un método que responde a esta necesidade é o traballo por proxectos que podemos encadrar, segundo Zabala (1999), dentro do enfoque globalizado. Este último termo refírese á un modo de organización da ensinanza cuxo obxectivo principal é o coñecemento e intervención na realidade, potenciándose no alumnado as capacidades e ferramentas necesarias para resolver problemas xa sexa de ámbito social, interpersonal ou profesional.

A percepción e comprensión da realidade lévase a cabo polo neno dun xeito global, o que fai supoñer que é así como deben ser tratados os contidos na aula; esta idea é defendida por Díez Navarro (2012: 78):

Todo junto y mezclado, porque la verdad es que no se puede *compartimentar* nada, y menos en estas edades. Todo junto y mezclado, como vienen las cosas en la vida...Ni más ni menos

Ademais da globalización á que se refiren os parágrafos anteriores, o método por proxectos baséase, seguindo a Amor e García Quintáns (2012), nos seguintes fundamentos pedagóxicos:

- Aprendizaxe significativa. Para posibilitar a construción de aprendizaxes significativas é preciso partir das ideas previas dos e das estudantes, dos esquemas que xa teñen

construídos e que serán modificados ó enfrontarse con novos coñecementos que cambian as relacións xa construídas ou permiten a construción doutras novas. Deste xeito, os coñecementos expanden e enriquecen as relacións cognitivas, o que facilita a construción de futuras aprendizaxes.

- Sentido de funcionalidade. O alumnado concibe a aprendizaxe non como algo abstracto senón como un coñecemento que pode aplicarse sobre a realidade e unha ferramenta para a solución de problemas da vida cotiá.
- Autonomía, Identidade e diversidade. Adquírense habilidades nun dobre sentido: para consigo mesmo e para cos demais. É dicir, o neno adquire unha maior autonomía e iniciativa persoal e, ó mesmo tempo, pon en práctica o respecto á diversidade dentro dun grupo. O que se deriva disto é, polo tanto, a construción da aprendizaxe interpersonal activa debido a que o neno mellora grazas á observación e análise da conduta doutros membros do grupo.
- Investigación sobre a práctica. Créase unha ferramenta profesional do docente que cumpre unha función de avaliación formativa e que ten como obxectivo a mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Memorización comprensiva e duradeira. O coñecemento intégrase de forma máis estable e duradeira, o que permite o establecemento de relacións entre contidos e posibilita a construción de aprendizaxes significativas.
- Avaliación procesual como ferramenta de análise da secuencia de aprendizaxe, que permite a variación do desenvolvemento do proxecto segundo as necesidades que xurdan durante o desenvolvemento do mesmo.

Non resulta doado dar unha definición de traballo por proxectos, xa que diferentes autores insisten en aspectos diferentes. Aquí adoptaremos a que propón Perrenoud (2006) quen define o proxecto como unha empresa colectiva dirixida polo grupo que se orienta a unha produción concreta, inducendo un conxunto de tarefas nas que todo o alumnado pode implicarse e xogar un rol activo que pode variar en función dos seus medios e intereses, favorecendo, ó mesmo tempo, aprendizaxes identificables que figuran no programa dunha ou máis disciplinas.

O traballo por proxectos presenta numerosas vantaxes educativas expostas por múltiples autores (LaCueva, 1998; Perrenoud, 2006). Preséntanse, a continuación, aquelas máis salientables.

- Mobilización de saberes e construción de competencias. Un proxecto implica enfrontarse a un problema real que permite a transferencia de coñecementos e recursos cognitivos

dende áreas diversas, non relacionadas noutras metodoloxías. Este contexto de acción no que se desenvolve o traballo permite a construción de competencias e habilidades tales como: manexo de diversas fontes de información, planificación, autoavaliación, participación en grupos de traballo e comunicación.

- Inclusión de prácticas sociais, incrementándose o sentido dos saberes e das experiencias educativas. Nun proxecto, os nenos e nenas teñen a oportunidade de participar en tarefas da vida cotiá, da vida en comunidade, o que propicia a adquisición de habilidades sociais e a comprensión de contidos de forma contextualizada.
- Motivación como base para o descubrimento de novos saberes e novos mundos. A implicación, a motivación dos nenos para a solución dun problema ou tarefa lévaos ó descubrimento de novos mundos ou sectores da comunidade que resultan necesarios para o desenvolvemento do proxecto. A este aspecto refírese a mestra do CPI As Revoltas na entrevista:

Pregunta: Cre que este método ten utilidades e vantaxes?

Resposta: Si, para min é a mellor maneira de traballar porque me parece que é moi motivador para os nenos e nenas. É algo que lles gusta, que veñen contentos porque fan as actividades dunha maneira máis lúdica, no que se pode aprender pois...doutra maneira.

- Autoavaliación e metacognición. A análise e reflexión levada a cabo durante o desenvolvemento do proxecto e posteriormente á realización do mesmo, permiten que tanto o docente como o alumnado se decaten dos seus logros e carencias. Isto dá a posibilidade ó mestre ou mestra de coñecer mellor ó seu alumnado e de reflexionar sobre a súa práctica docente, considerando o erro como punto de partida para a mellora da praxe.
- Desenvolvemento da cooperación e a intelixencia colectiva. Un proxecto implica colaboración, escoita, formulación de propostas, negociación, toma de decisións, distribución de tarefas... En definitiva, un traballo orientado a unha meta común. Foméntase, polo tanto, unha aprendizaxe cooperativa con beneficios a nivel cognitivo, socio-afectivos e morais.
- Reforzo da identidade persoal e colectiva. Os éxitos, o sentimento de pertenza a un grupo, o feito de sentirse parte importante do mesmo axudan ó neno a ter unha maior confianza nas súas posibilidades e tamén á construción da súa propia identidade. Ó mesmo tempo, e como parte dun colectivo, debe ter en conta ós demais compoñentes e asumir unha actitude aberta e de colaboración.
- Desenvolve a autonomía, a capacidade de proposta e negociación. Un proxecto permite a acción de forma autónoma e individual en zonas ou áreas do seu dominio, o que lle

posibilita dirixir o seu propio traballo. Por outra banda, desenvolve a capacidade de propoñer, facer valer as súas ideas e negociarlas co grupo. Son estas, importantes competencias cidadás para a vida en sociedade.

A pesares das vantaxes do traballo por proxectos, a súa presenza nas aulas segue a ser escasa, o que pode deberse a obstáculos ou dificultades como as propostas por Pozuelos e Rodríguez Miranda (2008):

- Intensificación laboral. O traballo por proxectos require un maior esforzo, obrigas e implicación por parte do docente. Este labor esténdese, incluso, máis alá do tempo estritamente laboral. A intensificación laboral do docente é a única dificultade que resalta a mestra de educación infantil entrevistada:

Pregunta: Que dificultades ou obstáculos pensa que ten o traballo por proxectos?

Resposta: Eu dificultades non llas vexo. O único que require unha planificación, proceso de ensino aprendizaxe...procura...é dicir...hai que buscar bastante información, require que o profesor ou profesora pois se organice e lle dedique bastante tempo.

- Falta de exemplos, experiencias, recursos e materiais adaptados. A singularidade e particularidade de cada un dos proxectos e das circunstancias que o rodean fai case imposible atopar materiais alternativos útiles para os mesmos. Como consecuencia disto, os docentes vense obrigados á confección de materiais axeitados, que en moitas ocasións carecen de calidade debido á presión, falta de tempo e/ou e medios.
- Variables organizativas hexemónicas. A distribución disciplinar convencional deriva nunha gran rixidez, un obstáculo difícil de superar; espazos, tempos e contidos están organizados en relación á división dos coñecementos en áreas ou materias.
- Presión social. Temor ó rexeitamento tanto por parte do alumnado como das familias e compañeiros/as de profesión, preocupados por cubrir fielmente o currículo ou polo nivel de instrución dos estudantes.
- Imposibilidade de abordar tódolos contidos. Isto pode suceder con contidos de tipo máis específico que fan preciso recorrer a outros modelos que contradín os fundamentos do traballo por proxectos. Este aspecto non sería unha desvantaxe se en lugar de enfrontar disciplinabilidade e currículo integrado se logra unha harmonía entre ambas formas de concibir a relación entre contidos.
- A participación do alumnado na determinación do obxecto de estudo. Non resulta doado que o alumnado exprese as súas inquiredanzas e intereses con claridade. O docente debe adoptar un labor constante de escoita e observación atenta para ser quen de captar os intereses e necesidades do alumnado. James Beane (2005) propón unha planificación colaborativa do currículo integrado cuxa idea fundamental é a planificación

conxunta do currículo por parte dos nenos e nenas e do docente arredor de interrogantes como: *Que preguntas ou preocupacións tes sobre ti mesmo? Que preguntas ou preocupacións tes sobre o mundo?*

3.3. Trazos e fases dun proxecto.

O método de proxectos propicia un gran cambio en relación á forma concibir o proceso de ensino e aprendizaxe así como o papel que o docente e o alumnado desempeña no mesmo. O mestre ou mestra concédelle o papel central da aprendizaxe ós nenos e nenas, converténdose en guía ou mediador entre os novos coñecementos e os que os nenos xa posúen. Díez Navarro (2012: 32) defende con respecto a isto:

O papel do educador/a neste caso sitúase nun plano máis humilde, porque en moitas ocasións debemos aprender a calar a tempo, non anticipando as nosas respostas. O noso papel faise máis interesante e tamén máis complexo: como canalizador de propostas, organizador de intereses, enriquecedor de puntos de vista facendo preguntas intelixentes e oportunas.

Pódese deducir, a partir da función que cumpre o mestre, o papel do neno que actúa como suxeito activo e verdadeiro protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. O neno é un suxeito autónomo que investiga, comprende a realidade e constrúe coñecementos válidos para o seu desenvolvemento na vida en sociedade.

Os proxectos adoitan presentar unha secuencia de desenvolvemento, aínda que non se pode facer unha división rixida en fases debido á interacción que se produce entre as mesmas. Establécense, de forma xeral, certos momentos polos que pasa esta experiencia educativa. Son moitos os autores que propoñen as fases dun proxecto, as presentadas a continuación son as propostas por Amor e García Quintás (2012):

- 1) Motivación (Que nos interesa?). Os proxectos de traballo parten dos intereses e necesidades do alumnado o que incrementa a súa implicación e motivación. O docente debe estar atento ás actitudes, accións, expresións dos nenos/as para decatarse das súas verdadeiras inquedanzas. Os proxectos establecen relacións ca realidade dos máis pequenos posto que a súa principal finalidade é integrar os coñecementos dos escolares con experiencias reais (Domínguez Chillón, 2000 en Amor e García Quintás, 2012). As inquedanzas dos estudantes son múltiples e variadas polo que o docente debe seleccionar e incluso empregar “estratexias para a ampliación do campo de motivación” para poder introducir na aula temas interesantes e necesarios para a súa formación pero que a priori, non están dentro das curiosidades dos nenos e nenas.
- 2) Ideas previas (Que sabemos xa sobre...?). As ideas previas poden ser definidas como construcións persoais con certa coherencia interna que resisten ó cambio e que lle

resultan útiles ó individuo para a comprensión de feitos. Estas ideas deben ser consideradas como punto de partida para a construción de novos coñecementos. É preciso que o docente propicie a expresión de coñecementos previos, algo fundamental non só para o desenvolvemento posterior do proxecto senón tamén para que os nenos e nenas teñan unha maior consciencia dos erros, contradicións ou puntos nos que diverxen cos seus compañeiros. A través da toma de conciencia dos erros e contradicións créanse no alumnado conflitos cognitivos, necesarios para a construción de novos coñecementos e modificación dos existentes.

- 3) Definición do proxecto (Que queremos saber sobre...?). Nesta fase prodúcese a escolla do tema entorno ó cal xirará o proxecto de traballo. O tema pode partir dos propios nenos ou tamén do mestre/a que guía os intereses dos estudantes cara temas que consideran relevantes. O tema será escollido en función da súa importancia ou valor formativo. Unha vez establecido, elabórase un plan de acción que guiará o desenvolvemento do proxecto: trátase de formular o título do proxecto e o guión sobre as diferentes cuestións a tratar. É unha fase de elaboración conxunta entre os nenos e nenas e o docente.
- 4) Procura de información. Buscar información supón partir da idea de que é un acto de interacción e comunicación na que precisamos das achegas dos demais. Trátase de que os nenos e nenas asuman o tema do proxecto e busquen información sobre o mesmo a través da interacción cos iguais e con outros adultos (mestres, pais/nais e outros membros da comunidade educativa e do contorno social) así como do emprego de diversos medios (tecnolóxicos, libros, enciclopedias, contorna...).
- 5) Plan de acción e realización de actividades. Este é o momento de modificar ou ampliar o plan de acción elaborado na terceira fase. Así mesmo, o mestre ou mestra debe elaborar a programación didáctica do proxecto mentres o alumnado segue a buscar información ou realiza actividades. A realización de actividades permitirá a investigación e construción de coñecementos en relación ó tema escollido.
- 6) Avaliación: nesta fase prodúcese unha análise de todo o proceso: dificultades atopadas, progresos acadados. Trátase de facer unha recapitulación e reflexión do traballo, potenciando así o desenvolvemento de capacidades metacognitivas (como aprendemos, que estratexias, materiais e fontes de información empregamos) e autoavaliación no alumnado. Esta recapitulación final axuda a facer unha clarificación conceptual e unha síntese do traballado que axuda a fixar o aprendido. A avaliación non está dirixida soamente ó alumnado senón que tamén permite o mestre ou mestra facer unha análise da súa praxe, do desenvolvemento do proxecto así como da actitude e comportamentos dos nenos durante o mesmo. A avaliación debe estar presente durante todo o

desenvolvemento do proxecto (avaliación inicial, procesual e final), constituíndo un aspecto indispensable para a aprendizaxe consciente.

4. O PROXECTO “OS DINOSAUROS”

O proxecto “Os Dinosaurios”, ó que se referirá o traballo de campo cos estudantes de educación infantil, foi levado a cabo durante o Practicum II do título de Mestre de Educación Infantil no curso 2013-2014, no colexio CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños). Nel participaron trece nenos e nenas de 3 e 4 anos, 2º ciclo de educación infantil.

A efectos de facilitar a comprensión das entrevistas realizadas ós estudantes sobre diferentes aspectos do proxecto, farase un breve percorrido polas fases nas que se desenvolveu.

4.1. Motivación: Como xorde?

No curso no que o proxecto foi levado a cabo, as mascotas das dúas aulas de educación infantil elixidas polas mestras foron dous dinosaurios: Rex, na aula de 3 e 4 anos e Pou, na aula de 5 anos.

Chegado o período do Practicum II, as mascotas aínda non foran presentadas na aula polo que esta era unha gran oportunidade para emprender un proxecto acerca dun tema (os dinosaurios) que ben seguro daría resposta ós intereses dalgúns nenos (durante o Practicum I, certos estudantes estaban moi interesados no tema e tiñan xa moitos coñecementos acerca do mesmo) e despertaría a curiosidade doutros moitos. Esta situación presentaba múltiples posibilidades para conectar o labor como alumna en prácticas coa realidade da aula.

Unha vez analizadas as circunstancias de aula, os posibles intereses dos nenos e nenas e como estes poden ser aproveitados para o inicio dun novo proxecto, facíase necesario dirixir a atención do alumnado cara o que podería ser un tema de estudo e investigación: os dinosaurios.

Rex chega á aula:

Un día no que os nenos non agardan a súa chegada, Rex está agochado nun ovo a espera de que uns nenos moi curiosos lle axuden a saír e adaptarse ó novo ambiente. Unha vez que estaban na aula e que se decataron dunha nova presenza, axudaron a saír a quen estaba agochado. Era Rex! Que ledicia! Por fin chegaba á aula e todos tiñan ganas de tocalo e saber máis del...Porque viría metido nun ovo? “Porque así é como nacen os dinosaurios”.

4.2. Ideas iniciais: Que sabemos sobre os dinosauros?

Rex xa estaba na aula e o seu recibimento fora inmejorable, cunha mestura de sensacións e emocións: alegría, curiosidade e interese por coñecelo. Pero, posiblemente os nenos e nenas xa coñecían moito sobre os dinosauros.

Sentados en asemblea e mentres Rex pasaba de man en man, comezouse a falar:

Que sabemos sobre os dinosauros?

- *Son grandes. (B..., 4 anos)*
- *Hai moitos tipos de dinosauros. (Í..., 4 anos)*
- *Agora xa non hai. (B..., 4 anos)*
- *Un dinosauro chámase Tiranosauro Rex (B..., 4 anos)*
- *Comen plantas. (A..., 3 anos)*
- *Hai un dinosauro que voa. (B..., 4 anos)*
- *Eu non sei nada dos dinosauros. (E..., 3 anos)*

Estas ideas previas son fundamentais para a posta en marcha do proxecto. Inducen ós estudantes a actualizar as súas ideas, promoven a atención cara ó obxecto de estudo de traballo e proporcionan información útil ós mestres para conectar os coñecementos dos estudantes coas novas informacións e despregar o proceso de investigación.

Uns nenos sabían que os dinosauros son animais xa extintos, coñecían algunhas das súas características mentres que unha nena admitía a falta de coñecementos acerca do tema. Este contraste do grao de familiarización co tema dos dinosauros non era só un aspecto a ter en conta para o desenvolvemento do proxecto, senón tamén un factor enriquecedor para a interacción entre os compañeiros e a aprendizaxe colaborativa.

4.3. Definición do proxecto: Que queremos saber sobre os dinosauros?

Unha vez que as estruturas cognitivas preexistentes dos nenos foron activadas e a súa curiosidade estaba en pleno auxe, era o momento de definir e establecer un índice ou guiión de actuación para o desenvolvemento do proxecto. Pídeselles que formulen aquelas preguntas ás que querían dar resposta:

Que queremos saber sobre os dinosauros?

- *Que tipo de dinosauro é Rex? (B..., 4 anos)*
- *Pelexaban os dinosauros? (Í..., 4 anos)*
- *Por que dos dinosauros saen pegadas? (B..., 4 anos)*
- *Extinguíronse por que non había comida? (Í..., 4 anos)*
- *Teñen cornos e pinchos? (A..., 3 anos)*
- *Por que teñen o pescozo tan longo? (B..., 4 anos)*

- *Por que teñen esas cores?* (B..., 4 anos)

A partir destas e outras preguntas constituíse un guiión xeral para o desenvolvemento do proxecto: 1) Tipoloxía de dinosauros: nomes e características físicas. 2) Alimentación. 3) Formas de desprazamento. 4) Hábitat. 5) A súa extinción e posterior estudo e investigación: a formación de pegadas, a profesión de paleontólogos.

Sen especificar os obxectivos e competencias que guiaron o proxecto sobre os dinosauros, procurouse atender de forma máis ou menos equilibrada ás tres grandes áreas do currículo de educación infantil e ó desenvolvemento de destrezas cognitivas, afectivas e sociais. Prestouse especial atención a:

- Empregar o diálogo como ferramenta para a expresión de ideas e a chegada a consensos dentro do grupo, respectando as achegas dos compañeiros.
- Investigar e actuar de forma colaboradora, reforzando habilidades de cooperación e axuda, tendo en conta as normas de funcionamento do grupo e adecuando o comportamento propio ó dos demais.
- Coñecer diferentes aspectos da natureza, máis concretamente en relación ós dinosauros: alimentación, funcións vitais, características físicas, hábitat.
- Reforzar o emprego de diversas linguaxes tales como a oral, plástica ou corporal, tendo en conta que este traballo se inclúe dentro da mención en linguaxes artísticas.
- Comprender e empregar conceptos de tipo espacial e lóxico–matemático como: grande/pequeno, pesado/livián.

4.4. Procura de información

Sendo xa conscientes do proxecto de investigación que se estaba a iniciar, facíase preciso a procura de información que permitiría avanzar e coñecer máis sobre os dinosauros. Deste xeito, ós nenos e nenas achegábanse ó tratamento da información (selección, estratexias de procura, manexo de medios axeitados) así como á comunicación de ideas propias dentro dun grupo diverso, para acadar conclusións propias e conxuntas.

Os medios para a procura de información son múltiples (libros, Internet, medios audiovisuais, contorna...), entre os cales empregamos, principalmente, os seguintes:

- Internet, no que atopamos material de índole diversa: textos, imaxes, vídeos.
- Bibliografía: libros da biblioteca do colexio e da aula, libros aportados polos nenos, libros aportados pola mestra. Foi unha sesión especialmente interesante aquela na que se descubriu a Íker (4 anos) como un experto en dinosauros: coñecía os seus nomes, características, alimentación. Este neno amosou ó resto da clase un libro de

dinosaurios e explicou o seu contido con gran detalle. Produciuse, polo tanto, un cambio nos roles que habitualmente son atribuídos ó docente e ó alumnado.

- Asembleas, intercambio de ideas, debates. O diálogo constituíu unha ferramenta indispensable no desenvolvemento do proxecto e para a discusión acerca de aspectos diversos (como a alimentación ou a loita entre dinosaurios) que formaban parte das curiosidades iniciais. Un exemplo disto pode ser a asemblea na que se define o concepto de “pegada”. A partir da visualización dunha imaxe, propúxose a idea de que a pegada é “unha marca que se deixa no chan ó pisar forte”. Pero por moito que os nenos e nenas bateron cos pés no chan, non foron quen de probar esa idea inicial. Decatáronse de que o chan da aula estaba demasiado duro e pensaron noutras superficies nas que as pegadas poderían aparecer: a praia, a terra ou o barro.

Como conclusión a esta fase, cabe dicir que non sempre é necesario proporcionarlles ós estudantes información xa elaborada xa que os nenos e nenas son capaces de chegar a conclusións ricas a través das achegas do grupo. O importante é deixar tempo para que os pequenos se expresen, superando a rixidez horaria e actuando o mestre como guía e mediador.

4.5. Actividades

Ó longo deste proxecto leváronse a cabo actividades diversas para dar resposta ás preguntas formuladas polos máis pequenos e pequenas; estas caracterizábanse, fundamentalmente polo seu carácter lúdico (dando resposta ó principio de “aprender xogando”) e experimental (tomando como referencia o principio de “aprender facendo”).

Algunhas das actividades levadas a cabo foron as seguintes²:

ACTIVIDADES	
<p>Título: <i>Fabricamos as nosas pegadas</i></p> <p>Intención educativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar na práctica, a través dunha actividade plástica, a definición de pegada. 	<p>Resumo: Cada neno ou nena, con pasta de modelar, fabrica a súa propia pegada; podendo experimentar así, a través do corpo, a textura deste material e facendo visible a idea de pegada acadada en asemblea (á que xa nos referimos previamente).</p>
<p>Título: <i>Dinobingo</i></p> <p>Intención educativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e reforzar os distintos nomes dos dinosaurios. - Participar nun novo xogo, aceptando as regras do mesmo. - Expresar e controlar emocións diversas 	<p>Resumo: Os estudantes participaron nun xogo ata o momento descoñecido para eles: o bingo. Neste caso, o <i>Dinobingo</i> posto que os protagonistas dos cartóns eran dinosaurios, todos eles moi diferentes. Este xogo requiría gran atención para asociar nome – imaxe e comparar as tarxetas que ían saíndo coas que eles tiñan. Como en todo xogo, faise preciso saber gañar, saber perder e concibir o xogo como un medio de goce.</p>

² O ANEXO III inclúe as imaxes do desenvolvemento do proxecto.

(impaciencia, tristura, leducia).	
Título: <i>Inventamos un conto e representámolo</i>	Resumo: Os protagonistas e ambientes elixidos (ó azar con dous dados) foron o Triceraptos, que vivía nun val, e Pteranodon, que vivía nun bosque. Unha vez feitas estas eleccións, cadaquén foi achegando as súas ideas ata conformar un conto. Posteriormente, era preciso elixir de forma democrática un título (de entre os propostos polos compañeiros) que se axustase ó conto. Finalmente, a historia construída sae á escena, e cada estudante asume as características e accións da personaxe que representa.
Intención educativa: <ul style="list-style-type: none"> - Expresar ideas a través da lingua oral, para a elaboración conxunta dun conto. - Representar a través dos xestos e movementos corporais as accións do conto. - Chegar a acordos cos compañeiros. 	
Título: <i>Os dinosauros agóchanse na aula</i>	Resumo: Trátase dun xogo de orientación que se realizou en pequenos grupos. Rex deixou, no seu ovo, pistas para atopar algúns dos seus amigos agochados na aula. Estas pistas estaban formuladas en relación ás características do tipo de dinosauro do que se estaba a falar (así, por exemplo, un dinosauro acuático precisaría dun lugar da aula onde puidese atopar auga, como por exemplo o baño).
Intención educativa: <ul style="list-style-type: none"> - Localizar na aula, a través de pistas, imaxes de dinosauros; participando de forma colaborativa. 	
Título: <i>Os caraveis cambian de cor</i>	Resumo: Con colorantes alimenticios de diversas cores, preténdese darlle cor a caraveis brancos. Despois de deixalos en auga mesturada cos colorantes, debíase esperar e estar atentos ós cambios (que eran comprobados estritamente cada día). Mentres os cambios se producían, os estudantes debían pensar a que se debían as cores dos dinosauros: a idea máis aceptada era que precisaban camuflarse na selva. Polo tanto, “que cores terían estes animais se as plantas tivesen as cores dos nosos caraveis?” Tras pensar na resposta a esta pregunta, os nenos e nenas pintaron dinosauros de cor laranxa, azul, amarelo, vermello ó igual cás cores que xa ían aparecendo nos caraveis.
Intención educativa: <ul style="list-style-type: none"> - Observar un proceso natural nas plantas. - Chegar á conclusión da relación entre a cor dos dinosauros e o seu hábitat. 	
Título: <i>Xogamos a ser paleontólogos</i>	Resumo: A través desta actividade, os nenos e nenas aprenderon unha nova profesión, moi relacionada cos dinosauros. “Paleontólogo” era unha palabra difícil polo foi repetida unha e outra vez; tamén se procuraron imaxes que ilustraran o seu labor e xa por último cada estudante converteuse nun destes profesionais. Buscaron, entre area e algún que outro óso as pezas dos crebacabezas das mascotas das aulas de educación infantil. Para esta procura empregaron ferramentas propias dos paleontólogos como poden ser as lentes, pinces ou pás.
Intención educativa: <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer a profesión de paleontólogo: nome, funcións, utensilios que emprega. - Construír un crebacabezas en grupo. 	

4.6. Avaliación: Que aprendemos dos dinosauros?

A avaliación levouse a cabo principalmente a través dunha observación e escoita atenta, sendo un proceso situado non só ó remate do proxecto senón durante o seu desenvolvemento.

Así, unha vez finalizada cada sesión dedicada ó proxecto dos dinosauros, producíase unha xuntanza para reflexionar acerca de como se levara a cabo a actividade realizada: que fixeramos, como o fixeramos, se o noso comportamento fora o axeitado. Reforzábanse así, habilidades de reflexión e metacognición, necesarias para “aprender a aprender”.

Os nenos e nenas sabían que estas asembleas eran moi importantes posto que delas derivábase a decisión (acordada entre os nenos e as mestras) de se eran merecedores ou non de que Rex lles dese unha pegada para cubrir un panel de motivación. Tratábase dun reforzo para o grupo e isto esixía unha gran responsabilidade. Producíase unha gran participación por parte de todos e especialmente interesantes eran as intervencións daqueles nenos ou nenas asumían o seu comportamento inadecuado ou a súa escasa implicación.

Nestas asembleas dábase cabida á reflexión do realizado, á toma de consciencia das actuacións propias e dos compañeiros; tomando sentido de pertenza a un grupo e asumido responsabilidades con respecto ó mesmo.

Como actividade final ou de peche levouse a cabo unha asemblea na que se repasou todo o realizado e as aprendizaxes adquiridas para posteriormente plasmar nun mural con fotos tódalas actividades levadas a cabo. Todo esforzo merece recoñecemento, polo que todos e todas foron galardoados cun carné de “Dinoexperto” tras lograr cubrir o panel citado anteriormente.

O diálogo como protagonista das asembleas foi, sen dúbida, o mellor modo de percibir todo o aprendido, o gran interese amosado e a cantidade de aspectos que coñecen dos dinosauros que ata o momento resultaban afastados para a maioría.

A continuación achéganse algúns criterios de avaliación que guiaron a análise do proxecto “Os dinosauros”.

- Identificación de diversos tipos de dinosauros a través da relación imaxe-nome.
- Recoñecemento de características dos dinosauros tratadas ó longo do proxecto: alimentación, aspecto morfolóxico, hábitat.
- Formulación das hipóteses acerca da extinción dos dinosauros expostas na aula.

- Interese e coñecemento dunha nova profesión: paleontólogo.
- Emprego da linguaxe oral como ferramenta para a defensa de ideas propias, contraste ca dos compañeiros e narración de feitos.
- Recoñecemento e uso da linguaxe corporal como medio para a representación de feitos narrados nun conto.
- Uso da linguaxe plástica como modo de expresión de ideas e conceptos (como pode ser a idea de pegada ou de dinosauro)
- Traballo en equipo, sendo quen de poñer en práctica habilidades de cooperación, intercambio de ideas e adecuación do comportamento propio ó dos demais.

O proxecto “Os Dinosaurios” tivo unha gran acollida na aula sendo, a priori, unha proposta que supoñía certa ruptura coa rutina diaria da aula. O tema dende un inicio captou a atención dos nenos e nenas e, tralas dificultades iniciais, amosaron unha gran implicación na procura de información e nas actividades propostas. A este entusiasmo dos nenos e nenas durante o proxecto refírese a mestra titora na entrevista:

Pregunta: Xa por último, pode facer unha valoración do proxecto sobre os dinosaurios? Por exemplo, en canto a o interese e actitude dos estudantes, as actividades realizadas, os resultados que obtivemos...

Resposta: A min paréceme un proxecto que estaba moi ben formulado, moi motivador e enriquecedor para os nenos e nenas. A verdade é que se amosaron todos moi entusiasmados e querían saber continuamente máis.

O uso do diálogo, o respecto da diversidade de opinións, a participación activa, son importantes aprendizaxes de carácter transversal que se viron reforzadas ó longo do proxecto e que axudan non só á configuración da identidade persoal senón tamén á adquisición de habilidades para a interacción social e a participación democrática.

Ademais das aprendizaxes de carácter transversal, os e as estudantes adquiriron importantes aprendizaxes acerca dos dinosaurios Así, ó remate do proxecto os nenos e nenas eran capaces de recoñecer en imaxes e nomear distintos tipos de dinosaurios, os seus hábitos alimenticios, características físicas, hábitat así como as posibles causas da súa desaparición.

A motivación dos nenos e nenas, a súa ilusión e curiosidade resultaron ser aspectos verdadeiramente gratificantes e, sen dúbida, os mellores indicadores da gran aceptación do proxecto na aula.

5. EXPLORANDO OS RECORDOS DOS ESTUDANTES

A sesión realizada con motivo de propiciar o recordo dos estudantes en relación ó proxecto dos dinosauros foi levada a cabo o 06/03/2015 en horario de 10:00 a 11:00 aproximadamente. A pesares de non ser unha clase moi numerosa (13 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 4 e os 6 anos), foi dividida en pequenos grupos: dous de 4 compoñentes e un de 3 (dous nenos non asistiran á clase ese día). Deste xeito, posibilitábase unha participación máis activa por parte de tódolos estudantes.

O lugar escollido para levar a cabo as entrevistas foi un espazo da aula (para reducir posibles distraccións motivadas por elementos dun ámbito non familiar), máis concretamente o recuncho da biblioteca. Mentres un grupo era entrevistado, o resto dos compañeiros continuaban coas rutinas habituais.

As entrevistas foron realizadas trala chegada á aula e tras comentar ó gran grupo a finalidade das mesmas. Explicóuselles ós nenos e nenas que as entrevistas formarían parte dunha investigación e que serían empregadas para presentarse noutro colexio (a Facultade); deste xeito logrouse unha actitude de atención e interese cara á entrevista.

O desenvolvemento das entrevistas baseouse nun guiión xeral que fai referencia ós seguintes aspectos: 1) Título/temática da proposta realizada no curso pasado. 2) O protagonista do proxecto e a súa chegada á aula. 3) Actividades realizadas durante o proxecto. 4) Aprendizaxes construídas sobre os dinosauros. 5) Aspectos a destacar (por parte dos estudantes) en relación ó proxecto. 6) Posibles temáticas que lles gustaría estudar nun proxecto futuro. Como actividade de peche á sesión de recordos, os nenos e nenas fixeron un debuxo no que plasmaron a imaxe mental que posúen dos dinosauros trala súa participación no proxecto.

A continuación, achéganse as características dos diferentes grupos entrevistados, facendo referencia á diversidade existente na aula que se deriva da convivencia de dúas idades diferentes e das características persoais dos nenos e nenas:

O *Grupo 1* está conformado por Amina (4 anos e 7 meses), Antón (4 anos e 7 meses), Lara (4 anos e 5 meses, non participou no proxecto) e Sergio (6 anos e 1 mes). A maior parte das intervencións deste grupo corresponden a Sergio, feito que pode deberse a un maior avance psicoevolutivo ligado á idade e ás conseguíntes destrezas comunicativas e expresivas que do mesmo se derivan. Este neno presenta un carácter aberto, extravertido e falador que lle permite a narración de experiencias e a achega das súas propias ideas e pensamentos dunha forma doada. O resto de compoñentes do grupo amósanse máis retraídos e

reticentes á participación por mor, posiblemente, da súa falta de recordos, unha maior timidez ou menor capacidade expresiva.

O *Grupo 2* ten como compoñentes a Alison (5 anos e 9 meses), Bruno Gómez (6 anos), Elaisa (4 anos e 6 meses, non participou no proxecto) e Leonardo (4 anos e 9 meses). Neste grupo percíbese especialmente a ilusión e emoción por colaborar nunha “investigación” por parte dos nenos e nenas e unha certa competencia entre Bruno e Leonardo por seren os protagonistas das intervencións. Bruno destaca pola súa gran capacidade de recordo, a súa habilidade expresiva e o seu amplo vocabulario; Leonardo amosa tamén unha boa habilidade para o recordo así como un gran interese e motivación polas actividades que se levan a cabo na aula.

O *Grupo 3* estaba formado por Bruno Atán (5 anos e 10 meses), Estela (4 anos e 10 meses) e Adrián (4 anos e 4 meses). Esta entrevista ten como protagonista a Bruno Atán, estudante que se amosaba interesado polo tema dos dinosauros con anterioridade á realización do proxecto. Bruno Atán é un neno moi tímido e inseguro, con escasas intervencións na aula e incluso con dificultade para relacionarse cos seus iguais. Porén, os dinosauros representan un tema no que o neno se sente seguro, é quen de transmitir os seus coñecementos, facer valer as súas ideas e incluso rebater as achegas dos compañeiros. Adrián amosou tamén unha gran ilusión e interese en activar os seus recordos, sendo menor a participación de Estela.

A continuación, expónse unha análise pormenorizada dos datos recollidos nas entrevistas.

5.1. “Si... Os dinosauros”.

O proxecto dos dinosauros foi levado a cabo no pasado curso (2013-2014), cando os nenos e nenas tiñan a idade de 3 e 4 anos. O transcurso dun de tempo relativamente longo, a baixa idade dos estudantes e o feito de que neste curso se desenvolvera outro proxecto (así como outras moitas actividades programadas pola mestra titora), fixeron que aparecese a necesidade, no caso do Grupo 1, de amosar elementos característicos do proxecto dos dinosauros (Rex, a mascota, e ovo no que chegou á aula) para estimular o recordo (Grupo 1):

Pregunta: E o ano pasado, que fixemos? Ti, Lara non estabas pero contádeslle vós o que estudamos o ano pasado vale? Vós acordádesvos? Que estudamos o ano pasado comigo?

Antón (An.): México!

Pregunta: México foi este ano, e o ano pasado? Non vos lembrades?

Amina (A.), An. e Sergio (S.): Non.

Pregunta: Vouvos dar unha pista, vale? (*A entrevistadora ensínalles a Rex, o protagonista do proxecto, co seu ovo*)

Pregunta: E agora lembrádesvos? (*amosándolle a Rex e o ovo*)

S.: Rex!

S.: Si... Os dinosauros.

Nesta entrevista ó Grupo 1, pódese ver como os nenos e nenas nun inicio non lembraban o proxecto dos dinosauros pero este recordo foi instantáneo ante a presenza de Rex, un elemento significativo para os estudantes e representativo do proxecto.

Os dous grupos restantes recordaron con rapidez o tema estudado o curso pasado, non sendo preciso ningún estímulo. Un exemplo disto pode ser (Grupo 3):

Pregunta: Ides axudarme nunha investigación para o meu cole e para iso, imos facer unha entrevista. Só tendes que responder a unhas preguntas co que vós lembredes e saibades. Imos falar dun animal... Lembrades o que estudamos o ano pasado?

Bruno Atán (BA.): Os dinosauros.

Contrasta a dificultade para o recordo dalgúns estudantes coa rapidez doutros que en ambos casos pode deberse á idade dos nenos e nenas así como ó seu interese e implicación durante o desenvolvemento do proxecto.

5.2. “Son máis grandes ca este cole e podían facer... Raw”.

Tódolos nenos e nenas, en calquera das entrevistas, recordan o personaxe protagonista do proxecto que ó mesmo tempo era a mascota da aula. Chámase Rex, un nome moi apropiado para un dinosauro e que os nenos e nenas escolleron xa antes de que chegara á aula, coa decisiva influencia de dous compañeiros expertos no tema.

Rex, ademais de ser a mascota da aula, exerceu de elemento motivador e integrador do proxecto. Foi un compañeiro máis na aula para os nenos e nenas e segue a ser moi significativo para eles. É por isto que ante a pregunta que fai referencia á mascota do ano pasado, os nenos responden con gran rapidez e seguridade: Rex! Porén, non xorden de forma espontánea intervencións referentes á súa chegada á aula ou ás súas características, polo que se fai preciso guialos para que isto se produza (Grupo 3):

Pregunta:...E acordádesvos quen era a mascota do ano pasado, entón?

Estela (Es.): Eh...Rex!

Pregunta: E que era Rex?

Bruno Atán (BA.): Un dinosauro.

Pregunta: Un dinosauro, claro. E como chegou aquí, ó noso cole? Lembrádesvos?

Es.: Non.

Pregunta: Mirade... lembrades que viña así? (*collo a casca e a Rex*)

BA.: Nun ovo!

Pregunta: Escondidiño, escondidiño...e por que viña nun ovo, a ver?

Adrián (Ad.): Eh...porque naceu.

Pregunta: De onde nacían os dinosauros, entón?

BA.: Dun ovo.

Ad.: Pero non o ovo dunha galiña.

Pregunta: As galiñas teñen os ovos moi pequenos, verdade? E o dinosauro...

Ad.: Son máis grandes ca este cole e podían facer... Raw! (*onomatopea do dinosauro*)

O recordo, a activación das ideas dos nenos e nenas con respecto a Rex serven de punto de partida para comentar os coñecementos construídos durante o desenvolvemento do proxecto: que tipos de dinosauros hai (asociando imaxe e nome), o seu hábitat, o seu tamaño, a súa alimentación, a desaparición destes animais, as persoas que investigaron sobre eles (os paleontólogos).

Os nenos e nenas fan referencia, xa sexa ante a presenza de imaxes (como no caso dun neno do grupo 1 que se interesa, durante a entrevista, por un dos libros do recuncho da biblioteca) ou de forma espontánea durante a conversa, á diferentes tipos de dinosauros e as súas características físicas, ó seu hábitat e alimentación.

Os dinosauros que lembran cunha maior facilidade son o Tiranosauro Rex, o Triceraptos ou Pterandon, algo que pode deberse a que son dinosauros populares, ás súas características rechamantes, así como ó feito de que foron os máis habituais durante as actividades e o desenvolvemento do proxecto (Grupo 3):

Pregunta: Uns eran verdes, outros tiñan o pescozo longo, outros tiñan cornos...e tiñan pinchos algún?

Bruno Atán (BA.): Si, como un Estegosauro.

Pregunta.: Que máis nomes sabemos dos dinosauros?

BA.: Triceraptos, Pterandon.

Pregunta: O Estegosauro, Triceraptos, Pteranodon...

BA.: Tamén o Tiranosauro...

En relación ós diversos tipos de dinosauros, os nenos son quen de especificar as súas características físicas máis salientables: algúns teñen *pinchos*, outros o pescozo longo, os dentes afiados, cornos, etc.

Como expertos en dinosauros que son, os estudantes saben que as características físicas destes animais non son casuais senón que están estreitamente relacionadas cos seus hábitos alimenticios: os herbívoros adoitaban ter un pescozo longo para chegarlle ás follas das árbores e os carnívoros eran máis baixos (Grupo 2):

Pregunta: Vale...agora imos falar do que aprendemos nós sobre os dinosauros? Uns comían...?

Bruno Gómez (BG.): Herba!

Leonardo (L.): E outros comían carne.

BG.: Cazaban!

Pregunta: Cales eran os máis graaandes? (*abrindo os brazos para expresar grandeza*)

L.: Os carnívoros!

BG.: Non...os herbívoros.

Pregunta: Por que Bruno?

L.: Tiñan o pescozo moi longo.

BG. (ó mesmo tempo ca L.): Porque...porque tiñan que comer follas...e tiñan o pescozo mooi mooi longo.

Os nenos e nenas distinguían, sen ningún tipo de dificultade, os dinosauros herbívoros e carnívoros pero resultáballes complexo comprender a idea de que uns comían a outros. Esta idea causáralles un gran impacto durante a realización do proxecto, algo que se pon de manifesto no transcurso das entrevistas: “comían carne que encontran por aí adiante” “cazaban”(humanización dos dinosauros), “os máis fortes comen a outros” (aceptación da idea anteriormente citada ante unha imaxe ilustrativa).

Con respecto ó hábitat, a idea máis estendida entre os nenos e nenas é que estes animais vivían na selva aínda que algún dos estudantes refírense tamén ós dinosauros do medio acuático; sendo esquecido o medio aéreo (facendo referencia o mesmo ó ver imaxes dun dinosauro como é o Pteranodon). É dicir, os estudantes teñen unha idea xeral acerca do hábitat destes animais pero precisan de guía ou estímulos para lembrar ideas máis concretas ou excepcionais (Grupo 1).

Pregunta: Que viven na selva, iso aprendémolo tamén verdade?

Sergio (S.): Ah! Había uns que andaban pola auga que tiñan os dentes moi afiados e tiñan aletas.

Pregunta: Pois si, había uns que vivían na auga.

S.: Mira...nese libro hainos (*sinala un libro que está nun estante, detrás da entrevistadora*)

P.: Si? Pois miramos....onde, a ver?

S.: Aquí... (*busca e sinala a páxina*) Hai algúns que comen a outros (*cando ve unha imaxe na que se percibe este feito*). Os máis fortes comen a outros. Estes son os que corren moito (*sinala no libro un Velociraptor*) e estes son os máis malos, os Terrex.

5.3. “Xogamos a ser... paleontólogos”

Nas entrevistas tamén foron lembradas ideas acerca da desaparición e posterior investigación dos dinosauros. Os nenos e nenas teñen claro que estes animais deixaron de existir fai xa moito tempo e incluso propoñen teorías acerca da súa desaparición. Aluden así,

a fenómenos naturais que lles resultan sorprendentes como poden ser o meteorito, o terremoto ou o trono (Grupo 2).

Leonardo (L.): Comen carne, herba e máis follas.

Bruno Gómez (BG.): E se houberse humanos alí comeríanos e mataríanos.

Pregunta: Entón, agora...hai dinosauros, aínda?

BG.: Non.

L.: Non.

BG.: Só quedaron os seus ósos porque a terra tapounos.

Pregunta: Que pasou cun meteorito?

BG.: Diso non me acordo moi ben.

L.: Que explotou!

Pregunta: Unha vez dixemos que os dinosauros desapareceran por que...?

BG.: Ah! Xa sei! Porque un meteorito caeu...pesaba moito.

Pregunta: E entón, que pasou?

BG.: Morreron tódolos dinosauros.

L.: Deixaron un oco e...despois enterraron ós dinosauros.

As formas de obtención de información sobre os dinosauros puxo aos estudantes en contacto cunha profesión que ata o momento do proxecto era descoñecida para os nenos e nenas e que agora describen con gran entusiasmo: os paleontólogos (Grupo 1).

Pregunta: Entón, xogáramos a ser que?

Sergio (S.): Ehh...

Pregunta: Pale...

S.: Paleontólogos...que investigan os dinosauros, porque cando morreron os dinosauros existiron unhas persoas que se chamaban paleontólogos e cavaban moito cunha pá e buscaban...e buscaban os... non eran os esqueletos coma nós...era unha cousa...que non me acordo agora (*refírese ós fósiles pero a entrevistadora non se decata*).

Ponse de manifesto que este neno ten unha idea clara da función dos paleontólogos en relación ó estudo e investigación dos dinosauros así como de aspectos prácticos do seu labor como son as accións que realizaban e as ferramentas empregadas. En base a estas ideas, o estudante é quen de propoñer a súa propia definición de paleontólogo.

5.4. O recordo das actividades realizadas.

Durante as entrevistas, ademais de lembrar todos aqueles coñecementos adquiridos sobre os dinosauros, tamén se activaron as ideas referentes ás actividades nas que os nenos e nenas participaron durante o proxecto.

No caso da entrevista do grupo 1 foi totalmente necesario o emprego de fotografías para o recordo das actividades. En relación ós outros dous grupos entrevistados, os estudantes conseguiron referirse a algunhas das actividades sen o emprego de estímulos visuais.

Ante a pregunta acerca do realizado durante o proxecto, algúns estudantes refírense ás actividades, dunha forma inmediata, coa palabra *xogo* ou *xogar*. Este tipo de asociación dá mostra non só do carácter lúdico das actividades que foron postas en práctica senón tamén das concepcións implícitas que os estudantes teñen sobre o proceso de aprendizaxe. Así, dende unha concepción tradicional do que é ensinar e aprender prodúcese unha clara diferenciación entre os momentos de “traballo” (necesarios para a adquisición de aprendizaxes académicas, que son as reforzadas de forma maioritaria) e os momentos de “xogo” (como premio tralo traballo realizado). Esta dicotomía xogo/traballo é interiorizada polos nenos e nenas de forma inconsciente o que fai que perciban unha actividade diferente á habitual (ás fichas) como un xogo (Grupos 2 e 3).

Pregunta: Vós acordádesvos que actividades, que cousas fixemos cos dinosauros?

Bruno Gómez (BG.): Ehh...

Leonardo (L.): Xogos.

Bruno Gómez (BG.): Sii..fixemos unha pegada...o bingo.

Pregunta: Acordádesvos de que cousas fixemos cos dinosauros?

Estela (Es.): Si.

Bruno Atán (BA.): Xogar.

A separación xogo/traballo manifestouse tanto nas entrevistas como durante o proxecto: “Hoxe aínda non traballamos”(Afirmou Bruno G. un día no que o tempo non foi o suficiente para facer fichas debido ás especialidades e á sesión dedicada ó proxecto dos dinosauros).

As actividades lembradas polos estudantes son, maioritariamente: o *Dinobingo!*, *Fabricamos as nosas pegadas* e *Xogamos as ser paleontólogos*. Nestas actividades os nenos e nenas amosaran un gran interese e implicación, especialmente na primeira delas que resultou ser moi motivadora para eles.

Por outra banda, entre aquelas tarefas das que os nenos non amosan recordos están, por exemplo *Inventamos un conto e representámolo* ou *Os caraveis cambian de cor*. Son estas actividades nas que posiblemente non se esixe unha participación tan directa ou unha manipulación de materiais e obxectos como pode ser o caso da actividade das pegadas ou a simulación da profesión de paleontólogos. (Grupo 2):

P.: Vós acordádesvos que actividades, que cousas fixemos cos dinosauros?

BG.: Ehh...

L.: Xogos.

BG.: Sii..fixemos unha pegada...o bingo.

P.: O bingo...lebrádesvos que inventamos un conto?

BG. e L.: Sii.

L.: Si, dos dinosauros.

BG.: Si, que...que había meteoritos.

P.: E por que había meteoritos?... Iso non sucedía no conto pero ó mellor si que ten que ver cos dinosauros...por que había meteoritos? (*xurdiran varias hipóteses na aula acerca da desaparición dos dinosauros pero non nos decantáramos por ningunha en concreto*).

5.5. As actitudes dos estudantes cara ó proxecto.

Os estudantes participantes no proxecto *Os Dinosauros* amosáronse moi interesados e motivados dende o inicio. Os dinosauros resultaron ser un tema capaz de sorprenden e espertar a curiosidade dos nenos e nenas, o que nos levou a formular numerosas preguntas sobre as que investigar durante o proxecto.

A motivación e implicación dos nenos e nenas en relación ó tema obxecto de estudo permitiu que constrúisen aprendizaxes diversas acerca destes animais, aprendizaxes que quedaron patentes nestas entrevistas para a activación do recordo dos estudantes.

Durante estas conversas, os estudantes tiveron a oportunidade de facer explícitos aqueles aspectos que máis lles agradaron do proxecto entre os que podemos atopar a chegada de Rex á aula ou actividades como o “Dinobingo”, “Fabricamos as nosas pegadas” “Xogamos a ser paleontólogos” (coincidindo con aquelas que máis lembran). (Grupo 1 e 2)

Pregunta: Mirade, e que foi o que máis vos gustou de estudar os dinosauros?

Sergio (S.): Cando...cando veu Rex.

Pregunta:...que foi o que máis vos gustou dos dinosauros?

Leonardo (L.): O ping pong (refírese Dinobingo).

Bruno Gómez (BG.): Eh...dúas cousas...o bingo e cando...o crebacabezas no que usamos lupas (*refírese a actividade “Xogamos a ser paleontólogos”*).

A metodoloxía de proxectos, tenta desenvolver, entre outras moitas habilidades e actitudes, a capacidade de expresión de ideas propias, a formulación de propostas e a autonomía. Debido a isto, propúxoselles ós nenos que pensasen un tema ou eixo integrador arredor do cal lles gustaría levar a cabo un proxecto. Isto non é tarefa doada polo que os nenos e nenas amosáronse dubidosos e pensativos ante esta proposta, a excepción dun neno que tiña moi claro que os medios de transporte sería un tema que lle gustaría estudar (Grupo 2).

Pregunta: Si...mirade e se fixeramos outro proxecto, que vos gustaría estudar desta vez? ou que vos gustaría saber, a ver?

Bruno Gómez (BG.) e Leonardo(L.): Eh....

L.: Outra vez o ping pong.

Pregunta: Ti chámalle ping pong ó bingo, Leo?

L.: Si.

BG.: Podíamos estudar...os tipos de transporte.

Outro dos temas sobre os que os nenos e nenas amosan gran interese é os animais entre os que destacan: os monos, os lobos ou os leopardos. Estes animais non son próximos á realidade cotiá dos pequenos, pero polas súas características chaman a súa atención ou por seren habituais en historias, contos, debuxos animados, propios da infancia (especialmente no caso do lobo).

Con respecto ás actitudes dos nenos e nenas cara ó proxecto dos dinosauros a mestra titora, na entrevista realizada, valora o feito de que os estudantes se visen involucrados nunha proposta diferente ás que habitualmente se levan a cabo na aula así como a construción de conceptos xerais que van máis alá do tema dos dinosauros:

Pregunta: Pode facer unha valoración do proxecto sobre os dinosauros? Por exemplo, en canto a o interese e actitude dos estudantes?

Resposta: A verdade é que se amosaron todos moi entusiasmados e querían saber continuamente máis. Penso que tamén aprenderon un montón de cousas sobre esta temática e sobre outras. E fixéronse un montón de actividades que seguramente noutra ocasión non se terían feito, como por exemplo, o xogo do paleontólogo, o de buscar información en internet.

5.6. Análise dos debuxos.

Unha vez rematadas as entrevistas realizouse, como actividade de peche, un debuxo sobre os dinosauros cuxa única pauta para a súa realización era a temática do mesmo. No momento en que cada neno ou nena remataba o seu debuxo pedíasele a descrición verbal do mesmo.

O debuxo é unha ferramenta moi útil tanto para o docente como para o alumno en relación á imaxe mental acerca dun elemento concreto, neste caso, os dinosauros. Ó debuxar, o neno ou nena fai materiais e tanxibles as ideas que xorden a partir da experiencia. A imaxe mental elaborada a partir da percepción da realidade transfórmase nunha imaxe representada da que o neno é consciente (Abad, 2006).

O mestre ou mestra, a través do debuxo, pode coñecer as ideas que os nenos teñen construídas e en función destas levar a cabo unha análise que guiará a súa praxe na aula; constituíndo unha ferramenta moi rica para a avaliación.

É preciso complementar a información proporcionada polo debuxo con outros modos de expresión como poden ser a linguaxe verbal ou corporal posto que así estarase atendendo á

diversidade de habilidades e capacidades dos nenos e nenas; tendo en conta que en calquera dos casos a capacidade de expresión (verbal, motriz ou gráfica) adoita ser menor á capacidade de comprensión.


No caso que nos ocupa, o debuxo é un medio a través do cal os estudantes plasman os recordos (tendo en conta que estes vense afectados polo transcurso do tempo), a imaxe construída acerca dos dinosauros trala realización do proxecto.

Os debuxos dos estudantes poden organizarse en tres grupos que responden a diferentes niveis de desenvolvemento da expresión gráfica e de comprensión da temática dos dinosauros. A análise dos debuxos entorno ós dinosauros está baseada na teoría sobre a arte infantil proposta por Luquet (Sáinz, 2002) que establece unha serie de etapas polas que atravesa o neno en relación ó debuxo: 1) *Garabateo*, 2) *Realismo fortuíto*, 3) *Realismo fallido*, 4) *Realismo Intelectual* e 5) *Realismo visual*. Trataranse unicamente na 2ª, 3ª e 4ª etapa por escaparse as restantes ás capacidades e habilidades posuídas polos nenos e nenas entrevistados (con idades de entre os 4 ós 6 anos)³.

2) *Realismo fortuíto*: Nesta etapa, tras intentos diversos, o neno decátase da analoxía entre os seus trazados e a realidade. Porén, non está en posesión da facultade gráfica a pesares de que é quen de producir de maneira constante trazados que, baixo o seu punto de vista, parécense a algo (sen haber unha intención previa de representación). Ó final da etapa o trazado posúe os elementos do debuxo propiamente ditos: intención, execución e interpretación.

Un dos debuxos que se pode encadrar nesta etapa é o realizado por Amina (4 anos e 7 meses) no que a figura trazada lévanos á unha idea xeral de ser vivo, non sendo representados aspectos característicos e concretos dun dinosauro (Debuxo 1).

Debuxo 1 (Amina, 4 anos e 7 meses)




³ Os debuxos analizados achéganse, ampliados, no ANEXO IV.

A pesares de que esta nena xa ten adquirida a idea de debuxo como forma de representación, a relación entre os trazados e a realidade segue a ser casual. Isto pode deberse tanto a dificultades grafo-motrices como a outros aspectos de índole psicolóxica (falta de recordo ou unha representación mental errónea da realidade a representar).

- 3) *Realismo fallido*: o obxectivo desta etapa é a representación realista. Esta representación atópase con dificultades de índole física (que se derivan da falta de control motor) psicolóxica (carácter limitado e descontinuo da atención infantil que fai que o neno reproduza unha cantidade reducida de detalles a pesares dunha percepción máis ampla dos mesmos) así como coa incapacidade sintética (imperfeccións que o debuxo presenta nesta fase: desproporcións, falta de adecuación nas relacións entre os diferentes elementos dun obxecto como poden ser as relativas á situación e orientación).

O debuxo que exemplifica a etapa exposta nos parágrafos anteriores foi realizado por Bruno Gómez (6 anos) no cal se poden apreciar dimensións e proporcións que dan unha idea próxima e máis realista da imaxe de dinosauro. Aparecen xa aspectos formais, características propias destes animais (máis concretamente dun tipo de dinosauro) como pode ser o pescozo longo e o corpo dun tamaño considerable. Así mesmo, o dinosauro aparece contextualizado, ó lado dunha “palmeira”; empregando, ademais, cores (verde, marrón) apropiadas ou que se axustan á realidade á que se refire (Debuxo 2).

Debuxo 2 (Bruno Gómez, 6 anos)



Neste debuxo, en comparación co anterior, apréciase unha imaxe máis definida, contextualizada e cun maior grao de detalles e realismo. A relación entre os trazos e a realidade xa non é casual senón que é deliberada e claramente perceptible, por parte de calquera observador (non só dende o punto de vista do neno).

- 4) *Realismo intelectual*: Para o neno, o debuxo debe semellarse ou conter todos aqueles aspectos reais do obxecto aínda que non sexan visibles dende a perspectiva representada. O neno non representa o modelo tal como é senón que copia un modelo interno.

Debuxo 3 (Bruno Atán, 5 anos e 10 meses)



No Debuxo 3 (Bruno Atán, 5 anos e 10 meses) pódese apreciar unha gran complexidade e precisión. Nel, o neno amosa unha imaxe mental moi elaborada sobre os dinosauros, reflexo da gran cantidade de aprendizaxes adquiridas acerca destes animais (polos que amosa un gran interese e curiosidade xa con anterioridade á realización do proxecto).

Neste debuxo hai unha diferenciación clara, en canto ó seu aspecto físico, entre dous tipos de dinosauros: Triceraptos e Diplodocus (nomes especificados polo neno durante a súa explicación). Aparecen ademais elementos vexetais que fan referencia á alimentación destes dous dinosauros: o Diplodocus, co seu pescozo longo, podería chegar ás ramas altas das árbores e o Triceraptos das plantas que se atopan a un nivel máis baixo.

A preocupación por detallar o debuxo de forma pormenorizada así como as carencias en relación á representación en perspectiva (que si posúe o debuxo adulto), fai que as patas dos animais aparezan situadas liñalmente, unhas detrás das outras, a pesares de que os dinosauros están representados en perfil.

A linguaxe plástica, ó igual que o resto das linguaxes artísticas, é un medio moi rico para a expresión dos máis pequenos, especialmente cando a linguaxe verbal aínda non está plenamente desenvolvida. A arte, ademais de ser unha fonte de goce para nenos e adultos achega unha cantidade inxente de información. No estudo de caso exposto, o debuxo constituíu un medio a través do cal os nenos e nenas plasmaron e fixeron tanxible a imaxe

mental que teñen construída acerca dos dinosauros. Este debuxo complementa e enriquece as entrevistas realizadas; facendo visibles as analogías existentes entre os recordos expresados verbalmente e os que se amosan a través da expresión gráfica. Aqueles nenos e nenas que recordan detalladamente os dinosauros e as súas características realizaron un debuxo máis preciso que os que teñen lembranzas máis vagas. A inclusión na aula das linguaxes artísticas propicia experiencias enriquecedoras tanto para o alumnado como para o docente. E os proxectos son unha metodoloxía que posibilita dunha forma especial a integración das linguaxes artísticas con outras áreas do coñecemento.

6. CONCLUSIÓNS

A través da análise documental así como do deseño e posta en marcha do proxecto “Os dinosauros” puidemos coñecer dunha forma máis profunda o método de proxectos, unha forma de traballo na aula que posibilita a construción de aprendizaxes significativas por parte dos estudantes, baseadas nas súas propias motivacións e intereses. Estas aprendizaxes, como así se constatou durante as entrevistas e a súa posterior análise, permanecen nos nenos e nenas dunha forma duradeira.

O traballo de campo permitiunos o inicio en técnicas de investigación como son a entrevista ou a observación participante; achegámonos así, á metodoloxía cualitativa. A entrevista resultou ser un medio moi útil de obtención de información acadando unha gran implicación e participación por parte dos nenos e nenas. Empregouse, ademais, a observación que é unha ferramenta indispensable para calquera mestre ou mestra de educación infantil, pois permite un maior coñecemento dos estudantes, das súas necesidades e inquedanzas; posibilitándose deste xeito a análise, reflexión e avaliación da praxe docente.

O estudo de caso realizado pon de manifesto a permanencia das aprendizaxes nos nenos e nenas que participaron no proxecto, un ano despois da súa realización. Así, os nenos e nenas achegan con gran claridade e firmeza os coñecementos específicos que posúen en relación ós dinosauros: diversidade de tipoloxía, hábitos alimenticios, características físicas, a súa desaparición e investigación ou a profesión de paleontólogo.

Ademais dos coñecementos específicos que foron adquiridos durante o desenvolvemento do proxecto, tamén se contribuíu ó desenvolvemento de aprendizaxes de carácter transversal como pode ser o desenvolvemento de linguaxes, prestando especial atención ás linguaxes artísticas como medio de expresión das ideas propias e exteriorización daqueles aspectos presentes nas mentes dos nenos e nenas que aínda non son quen de expresar a través do uso da lingua oral.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abad, J. (2006). El mensaje cultural del niño a través del dibujo. *Aula de infantil*, 32, 5-7
- Amor Fernández, A., García Quintáns, Ma T. (2012). Trabajar por proyectos en el aula. *Revista Latinoamericana de Educación Infantil*, 1(1), 127-154
- Beane, J. A. (2005). *La integración del currículum*. Madrid. Morata.
- Blaxter, L., Hugues, C., e Tight, M. (2008). *Cómo se investiga*. Barcelona. Grao.
- Díez Navarro, M. C. (2012). *La oreja verde de la escuela. Trabajo por proyectos y vida cotidiana*. Madrid. Ediciones de la Torre.
- Kilpatrick, W. H, The Project Method (1918), *Teacher's College Record*, 19, 319-315
- Knoll, M. (1997). The Project method: Its vocational origin and international development. *Journal of Industrial Teacher Education*, 34 (3), 59-80
- La Cueva, A. (1998). La enseñanza por proyectos ¿mito o reto?. *Revista Iberoamericana de Educación*, 16, 165-187
- Perrenoud, P. (2006). Aprender en la escuela a través de proyectos, ¿por qué?, ¿cómo?. Ciencias. Antología. Primer Taller de Actualización sobre Programas de Estudio. Secretaría de Educación Pública, México, 115-122
- Pozuelos Estrada, F.J. e Rodríguez Miranda, F. De P. (2008). Trabajando por proyecto en el aula. Aportaciones de una investigación colaborativa. *Investigación en la escuela*, 66,. 5-27.
- Saínez Martín, A. (2002). Teorías sobre el arte infantil: una mirada a la obra de G. H. Luquet. *Arte, individuo y sociedad*, 1, 173-185
- Tonucci, F. (2014). *A cidade dos nenos*. Pontevedra. Kalandraka editora.
- Zabala Vidiella, A. (1999). *Enfoque globalizador y pensamiento complejo: Una respuesta para la comprensión e intervención en la realidad*. Barcelona. Grao

8. ANEXOS

ANEXO I: Entrevista á mestra

Pregunta (P.): *Esta entrevista será empregada para o traballo de fin de grao... Pode resumirme a túa traxectoria profesional ó longo destes anos?*

Resposta (R.): *Comecei a facer substitucións en Outubro de 1999, estiven varios anos facendo substitucións. Despois tiveron interinidades durante tres cursos e no 2007 saquei a praza e estiven un ano CRA Os Remuíños e levo sete neste cole. É dicir, recorrín varios coles durante este tempo.*

P.: *A verdade é que si. Ó longo desta traxectoria, traballou algunha vez por proxectos?*

R.: *Mmm....si...(ton de dúbida) é dicir...A ver, si que...si que traballei pero máis ben recentemente, máis ca fai uns anos.*

P.: *Faino de forma habitual ou como algo puntual?*

R.: *E...adoito facelo como algo puntual. Adoito facer así...un proxecto cada curso. Aínda que é verdade que o curso pasado e este estamos traballando máis ben por proxectos aínda eu son proxectos pequenos, non son moi grandes.*

P.: *Pode indicarnos algunha temática deses proxectos?*

R.: *Si, por exemplo fixemos un proxecto de Exipto, fai uns anos que resultou moi motivador para os nenos e nenas. Estamos agora facendo un sobre a reciclaxe que tamén lles está gustando...*

P.: *Vale. Neste centro sabe se hai algún outro profesor que traballe coa metodoloxía por proxectos?*

R.: *Non, ningún outro. Soamente os de Educación Infantil pero o resto dos profesores non traballan por proxectos*

P.: *Sabe se algunha vez traballaron deste xeito?*

R.: *Que eu saiba, non. Estamos facendo agora, a nivel de centro, dentro do plan Proxecta, un traballo sobre os muíños. Nel vaise implicar ós nenos, familias, etc pero tampouco vai participar todo o profesorado pero desde que estou aquí, quizais é o que se pode aproximar máis a un proxecto, así a nivel de centro.*

P.: *Cre que este método ten utilidades e vantaxes?*

R.: *Si, para min é a mellor maneira de traballar porque me parece que é moi motivador para os nenos e nenas. É algo que lles gusta, que veñen contentos porque fan as actividades*

dunha maneira máis lúdica, no que se pode aprender pois...doutra maneira. É tamén unha boa maneira de involucrar ás familias e de aprender máis e basearse no que os nenos e nenas realmente queren, porque son eles os que van marcando o que queren aprender.

P.: *Que dificultades ou obstáculos pensa que ten o traballo por proxectos?*

R.: *Eu dificultades non llas vexo. O único que require unha planificación, proceso de ensino aprendizaxe...procura....é dicir...hai que buscar bastante información, require que o profesor ou profesora pois se organice e lle dedique bastante tempo. Pero eu dificultades non lle vexo ningunha, ó contrario.*

P.: *Como coñeceu este método: a través de bibliografía, cursos de formación, experiencias de outros compañeiros...?*

R.: *Pois por experiencias de outras persoas que traballan por proxectos....e tamén por cursos de formación e por libros como por exemplo o de “Traballo por proxectos”.*

P.: *Cre que existen algúns temas ou centros de interese que poidan servir para este tipo de proxectos? Que temas cre que poden ser útiles?*

R.: *Eu creo que calquera tema vale para o traballo de proxectos. Pero por exemplo, os temas...tódalas temáticas relacionadas cos animais encántanlles ós nenos, por exemplo. Un tema que me gustaría traballar e que nunca fixen un proxecto desa temática é o universo porque aínda que sei que é algo afastado ós nenos pero si que me gustaría traballar. Despois traballar calquera país con eles por exemplo, que tamén dá moito xogo esa temática.*

P.: *Xa por último, pode facer unha valoración do proxecto sobre os dinosauros? Por exemplo, en canto a o interese e actitude dos estudantes, as actividades realizadas, os resultados que obtivemos...*

R.: *A min paréceme un proxecto que estaba moi ben formulado, moi motivador e enriquecedor para os nenos e nenas. A verdade é que se amosaron todos moi entusiasmados e querían saber continuamente máis. Penso que tamén aprenderon un montón de cousas sobre esta temática e sobre outras.Por exemplo, seguen tendo moi claro o que é un animal herbívoro, carnívoro, omnívoro. E fixéronse un montón de actividades que seguramente noutra ocasión non se terían feito, como por exemplo, o xogo do paleontólogo, o de buscar información en internet. Vino un proxecto moi motivador e gustoume moito que se fixera.*

P.: *Moitas grazas.*

ANEXO II: Entrevistas ós estudantes

**Nas transcricións das entrevistas foron corrixidos erros lingüísticos e de expresión. Así mesmo, mantívose o galego a pesares de que algún dos estudantes sexa castelán falante.*

Grupo 1:

Data: 06/03/2015

Lugar: CPI. As Revoltas (Cabana de Bergantiños), aula de educación infantil (4-5 anos), recuncho da biblioteca.

Duración da entrevista: 19:21 minutos

Alumnos/as participantes:

- Amina (A.): 4 anos e 7 meses
- Antón (An.): 4 anos e 7 meses
- Lara (L.): 4 anos e 5 meses
- Sergio (S.): 6 anos e 1 mes

Pregunta: *Como vos dixen antes, o que imos facer agora é para unha investigación, unha investigación do meu cole. Imos facer unha entrevista, isto quere dicir que eu fágovos preguntas e vós respondedes co que saibades e senón nos acordamos non pasa nada.*

P.: *Acordádesvos que este ano estiven no cole verdade? E que fixemos este ano?*

S.: *Ehh...*

P.: *Estudamos Mé...*

S.: *México*

P.: *Estudamos México, moi ben Sergio.*

An.: *É verdade.*

P.: *E o ano pasado, que fixemos? Ti, Lara non estabas pero contádeslle vós o que estudamos o ano pasado vale? Vós acordádesvos? Que estudamos o ano pasado comigo?*

An.: *México!*

P.: *México foi este ano, e o ano pasado? Non vos lembrades?*

A., An. e S.: *Non.*

P.: *Vouvos dar unha pista, vale? (A entrevistadora levántase e diríxese ó lugar onde está Rex, a mascota do curso pasado e o protagonista do proxecto, co seu ovo para ensinárllle ós nenos e nenas entrevistados).*

P.: *E agora lembrádesvos? (amosándolle a Rex e o ovo)*

S.: *Rex!*

S.: *Si... Os dinosauros.*

P.: *Moi ben Sergio! Os dinosauros. Ti non te acordas Amina que estudamos os dinosauros?*

A.: *Si.*

P.: *Quen era este?*

A., An. e S.: *Rex.*

P.: *Rex, era o noso protagonista verdade? A nosa mascota?. E isto que era, a ver? (amosándolle a casca na que Rex estaba metido cando chegou á aula)*

A., An. e S.: *Un ovo.*

P.: *Un ovo, e por que viña nun ovo Rex?*

S.: *Porque é un dinosauro e os dinosauros nacen en ovos de dinosauros.*

P.: *Amina, mira, acórdaste quen era a mascota do ano pasado?*

A.: *Rex*

P.: *Que era Rex? Que era: un animal, unha persoa?*

A.: *Un animal*

S.: *Si pero non un animal normal e corrente porque vive na selva.*

P.: *Vive na selva...pero aínda hai dinosauros entón, Sergio?*

S.: *Non*

P.: *Non, agora xa non hai, desapareceron verdade?*

An.: *Si*

S.: *Matounos un terremoto ou un trono...*

P.: *Nós que aprendemos sobre os dinosauros?*

Todos: *Ehh...mmm...ehhh*

P.: *Lembrades o que comían?*

S.: *Si, os carnívoros carne, outros herba.*

P.: *E mira...andaban todos? Só andaban?*

Todos: *Siii...*

S.: *Pero... algúns non tiñan tantas patas coma outros.*

P.: *Non...uns tiñan as patas máis longas e outros...?*

S.: *Algúns tiñan os pescozos longos para comer das árbores porque senón non lles chegan.*

P.: *Entón, os altos, que comían?*

S.: *Eh...herba.*

P.: *Herba, e os que eran máis pequenos?*

S.: *Carne, carne que encontraban por aí adiante. E nesa época non existían as persoas...*

P.: *Vós acordádevos do día que Rex chegou aquí, á aula, á nosa clase?*

Todos: *Siii.*

P.: *E como estaba...como chegou?*

Todos: *Eh...mmm...*

S.: *Neste ovo... (os demais repiten)*

P.: *Neste ovo, estaba así agachado, verdade, Antón?*

S.: *E un día enfadouse e meteuse ahí... (refírese ó ovo)*

P.: *A ver, agora escondémolo outra vez, vale? Deixámolo aquí nun lado. E vós acordádesvos que cousas fixemos cos dinosauros?*

A.: *Si.*

S.: *Si*

An.: *Eu si*

P.: *Si? E que cousas fixemos, a ver?*

A.: *Que viven na selva...*

P.: *Que viven na selva, iso aprendémolo tamén verdade?*

S.: *Ah! Había uns que andaban pola auga que tiñan os dentes moi afiados e tiñan aletas.*

P.: *Pois si, había uns que vivían na auga.*

S.: *Mira...nese libro hainos (sinala un libro que está nun estante, detrás da entrevistadora)*

P.: *Si? Pois miramos....onde, a ver?*

S.: *Aquí... (busca e sinala a páxina) Hai algúns que comen a outros (cando ve unha imaxe na que se reflexa un dinosauro comendo a outro). Os máis fortes comen a outros. Estes son os que corren moito (sinala no libro un Velociraptor) e estes son os máis malos, os Terrex.*

P.: *Os Terrex! ... e o noso dinosauro é un Terrex?*

Todos: *Non!*

P.: *Non, o noso é bo, verdade?*

S.: *Si, pero os Terrex teñen... unha, dúas, tres, catro...catro patas! E... andan con estas dúas patas (sinala as súas pernas) e estas ándanlle así (e encolle os brazos para indicar a posición das patas dianteiras cando o dinosauros está erguido, e o tamaño das mesmas (menor en relación ás traseiras).*

(Deixámolo libro)

P.: *Mirade, vouvos ensinar unhas fotos onde saímos nós e Rex. Mirade, que día foi isto? (a entrevistadora ensínalle unha foto do día no que Rex chegou á aula: está metido no ovo, rodeado por follas e cunha carta)*

S.: *Ehh...*

P.: *Isto que é? Isto foi o día que chegou, vedes que ten aquí unha carta?*

An.: *Si*

P.: *Mirade, e aquí que facemos, a ver? (ensinándolle unha foto onde están estirando unha pasta branca de modelar para facer as pegadas)*

S.: *Plastilina*

P.: *Plastilina? Pero é branca...*

S.: *Barro! As pegadas despois secaron...ti dixéchesnos que non as tocáramos porque se podían romper en seguida.*

P.: *Que era isto? (a entrevistadora ensínalle unha foto das pegadas xa acabadas).*

S.: *As nosas mans!*

A.: *As nosas pegadas e puxémoslle o nome.*

P.: *E os dinosauros deixaban pegadas tamén ou non?*

S.: *Si, porque pisaban moi forte e pesaban moito.*

P.: *Pesaban moito e entón deixaban unhas pegadas moi grandes verdade?*

S.: *Os tractores tamén as fan porque os tractores tamén pesan.*

P.: *E nós pesamos tanto coma un dinosauro?*

S.: *Non.*

P.: *E aquí que fixemos? Mira Antón (a entrevistadora ensínalle unha foto na que están xogando ó Dinobingo)*

S.: *Bingo! (responde de forma inmediata).*

P.: *E era un bingo calquera?*

S.: *Non, pero había unhas tarxetas (as tarxetas con imaxes e nome dun dinosauro)...ensinábanolas e quen a tiña, tiña que poñer un destes (sinala nas fotos unha das fichas para marcar no seu taboleiro os dinosauros que ían saíndo).*

P.: *E que imaxes había no Bingo?*

S.: *Un Terrex (sinala correctamente unha das imaxes dun taboleiro) ah! E estes son os que eu dicía (sinala outra imaxe, referíndose a un dinosauro acuático). E estes son os que comen herba (sinala un Diplodocus). E estes...teñen unha maza no rabo.*

P.: *Que tiña no caparazón?*

S.: *Uns pinchos.*

P.: *Para que os empregaban?*

S.: *Para que non lle fixeran dano. Coma os Triceraptos, que tiñan cornos.*

P.: *E aquí, que pasaba?* (amosándolle unha foto na que o seu compañeiro Íker, que este día falta, lles ensina un dos seus libros de dinosauros).

S.: *Íker, estábanos contando un conto dos dinosauros.*

P.: *Mirade e isto que tiñamos aquí, para que era?* (sinalando na foto o panel da motivación)

S.: *Ah...para quen se portaba ben. Poñiamos pegadas e se nos portabamos mal non as podíamos poñer. E aquí...(colle outra das fotos que teño para ensinarlle sobre a actividade: xogamos a ser paleontólogos!) estes son crebacabezas, que aínda temos o crebacabezas de Rex alí.* (e sinala unha bandexa que hai nun estante, detrás del).

P.: *Que ben que aínda tendes o crebacabezas!*

S.: *Estes son ósos* (sinalando na mesma foto), *que había alí un dentro* (e diríxese para collelo, na caixa dos animais que hai neste recuncho)

P.: *E con que buscamos? Que hai aquí?*

S.: *Hai un óso máis alí. Eh...pinceis, unha lupa que está xunta o barro* (refírese ó lugar onde gardan ese material).

P.: *Entón, xogáramos a ser que?*

S.: *Ehh...*

P.: *Pale...*

S.: *Paleontólogos...que investigan os dinosauros, porque cando morreron os dinosauros existiron unhas persoas que se chamaban paleontólogos e cavaban moito cunha pá e buscaban...e buscaban os... non eran os esqueletos coma nós...era unha cousa...que non me acordo agora* (refírese ós fósiles pero a entrevistadora non se decata).

P.: *Mirade, e que foi o que máis vos gustou de estudar os dinosauros?*

S.: *Cando...cando veu Rex.*

P.: *E se volvédes a facer un proxecto, que vos gustaría estudar?*

S.: *Eh...mmm...*

P.: *Un animal? Un país?...*

S.: *Un animal*

P.: *Pois xa está. Xa acabamos*

Grupo 2:

Data: 06/03/2015

Lugar: CPI. As Revoltas (Cabana de Bergantiños), aula de educación infantil (4-5 anos), recuncho da biblioteca.

Duración da entrevista: 10:40 minutos

Alumnos/as participantes:

- Alison (Al.): 5 anos e 9 meses
- Bruno Gómez (BG.): 6 anos
- Leonardo (L.): 4 anos e 9 meses
- Elaisa (E.): 4 anos e 6 meses

Pregunta: *Imos facer unha entrevista para unha investigación do meu cole. É moi fácil de facer, vale? Eu fágovos unha preguntas e vós respondedes, o que saibades. Respondemos o que nos lembremos. Que estudamos este ano comigo?*

E.: *Os dinosauros.*

BG.: *Eh... México!*

P.: *México...Os dinosauros foron o ano...pasado.*

BG.: *O ano pasado, o 14.*

P.: *No 2014 si, moi ben e mirade...eh...agora imos falar dos dinosauros vale? Non de México. A ver se nos acordamos dos dinosauros. Que sabemos sobre eles?*

Bruno Gómez e Leo intentan responder á vez.

BG.: *Que...que..*

L.: *Comen carne, herba e máis follas.*

BG.: *E se houbese humanos alí comeríanos e mataríanos.*

P.: *Entón, agora...hai dinosauros, aínda?*

BG.: *Non.*

L.: *Non.*

BG.: *Só quedaron os seus ósos porque a terra tapounos.*

P.: *A terra tapounos e só quedaron...*

BG.: *Ehh... Os ósos, que o máis seguro é que os enterraran con palas mixtas e tractores.*

P.: *Alison, ti acórdaste algo dos dinosauros?*

Al.: *Si.*

P.: *Si? A ver, de que te acordas?*

Al.: *Pois dun dinosauro longo.*

P.: *Vale...e quen era a personaxe, a mascota do proxecto?*

BG. e L.: *Eh...Rex!*

Al.: *Rex, que ten un ósño.*

P.: *E como chegou aquí, a esta clase, Rex? Acordádesvos?*

Todos: *Ehh...*

BG.: *Porque estaba nunha tenda e comprárono.*

P.: *Pode ser si... pero mirade, non vos acordades onde veu Rex?*

BG.: *Estaba no ovo, estaba dobrado. (está vendo a Rex metido dentro do ovo)*

P.: *Agora Rex está metido dentro porque Antón na entrevista non se portou nada ben e entón meteuse outra vez dentro. A ver se despois quere saír. E por que veu metido nun ovo?*

L.: *Porque nacen de aí.*

P.: *Porque os dinosauros nacen dos ovos, verdade?*

BG.: *Pero xa sacou a cabeza.*

(Tras sacar a Rex do ovo, deixámolo a un lado)

P.: *Vós acordádesvos que actividades, que cousas fixemos cos dinosauros?*

BG.: *Ehh...*

L.: *Xogos.*

BG.: *Sii..fixemos unha pegada...o bingo.*

P.: *O bingo...lembrádesvos que inventamos un conto?*

BG. e L.: *Sii.*

L.: *Si, dos dinosauros.*

BG.: *Si, que...que había meteoritos.*

P.: *E por que había meteoritos?... Iso non sucedía no conto pero ó mellor si que ten que ver cos dinosauros...por que había meteoritos?* (xurdiran varias hipóteses na aula acerca da desaparición dos dinosauros pero non nos decantáramos por ningunha en concreto)

P.: *Que pasou cun meteorito?*

BG.: *Diso non me acordo moi ben.*

L.: *Que explotou!*

P.: *Unha vez dixemos que os dinosauros desapareceran por que...?*

BG.: *Ah! Xa sei! Porque un meteorito caeu...pesaba moito.*

P.: *E entón, que pasou?*

BG.: *Morreron tódolos dinosauros.*

L.: *Deixaron un oco e...despois enterraron ós dinosauros.*

P.: *Vale...agora imos falar do que aprendemos nós sobre os dinosauros? Uns comían...?*

BG.: *Herba!*

L.: *E outros comían carne.*

BG.: *Cazaban!*

P.: *Mirade, eran todos igual de grandes?*

BG.: *Non.*

L.: *Non.*

P.: *Cales eran os máis graaandes?* (abrindo os brazos para expresar grandeza)

BG.: *Os...os...*

L.: *Os carnívoros!*

BG.: *Non...os herbívoros.*

P.: *Por que Bruno?*

L.: *Tiñan o pescozo moi longo.*

BG. (ó mesmo tempo ca L.): *Porque...porque tiñan que comer follas...e tiñan o pescozo mooi mooi longo.*

P.: *Para chegar ós árbores, verdade?*

L.: *Si!*

P.: *E mirade...que foi o que máis vos gustou dos dinosauros?*

L.: *O ping pong (refírese ó Dinobingo).*

BG.: *Eh...dúas cousas...o bingo e cando...o crebacabezas no que usamos lupas (refírese a actividade “Xogamos a ser paleontólogos”).*

P.: *Ah vale...pois teño fotos aquí das actividades, vedes? Aquí buscamos os crebacabezas (a entrevistadora ensínalles as fotos da actividade que acaban de comentar). E porque o buscabamos con lupas? Vos acordádesvos?*

BG.: *Porque era moi pequeno...todo.*

P.: *E quen utilizaba lupas e pinceis?*

BG.: *Eu...eu unha.*

P.: *Hai persoas que se dedican a estudar e a saber onde vivían os dinosauros, e como se chamaban esas persoas? Pale...*

BG.: *Paleontólogos.*

P.: *Si....mirade e se fixeramos outro proxecto, que vos gustaría estudar desta vez? ou que vos gustaría saber, a ver?*

BG. e L.: *Eh....*

L.: *Outra vez o ping pong.*

P.: *Ti chámalle ping pong ó bingo, Leo?*

L.: *Si.*

BG.: *Podíamos estudar...os tipos de transporte.*

L.: *Ehh...ehh...estudar outra vez os dinosauros.*

P.: *Outra vez os dinosauros? O que pasa é que deles sabemos moitas cousas eh.*

Al.: *A min o dinosauro grande.*

P.: *O dinosauro máis grande?*

Al.: *Sii, o máis largo.*

P.: *Fixéstelo moi ben.*

BG.: *Beeen! E xa se acabou?*

P.: *Pois xa se acabou si, moi ben!*

Grupo 3:

Data: 06/03/2015

Lugar: CPI. As Revoltas (Cabana de Bergantiños), aula de educación infantil (4-5 anos), recuncho da biblioteca.

Duración: 11:13 minutos

Alumnos/as participantes:

- Bruno Atán (BA.): 5 anos e 10 meses
- Estela (Es.): 4 anos e 10 meses
- Adrián (Ad.): 4 anos e 4 meses

Pregunta: *Ides axudarme nunha investigación para o meu cole e para iso, imos facer unha entrevista. Só tendes que responder a unhas preguntas co que vós lembredes e saibades. Imos falar dun animal... Lembrades o que estudamos o ano pasado?*

BA.: *Os dinosauros.*

P.: *Os dinosauros, Bruno. E acordádesvos quen era a mascota do ano pasado, entón?*

Es.: *Eh...Rex!*

P.: *E que era Rex? Un can?*

Es.: *Non.*

BA.: *Un dinosauro.*

P.: *Un dinosauro, claro. E como chegou aquí, ó noso cole? Lembrádesvos?*

Es.: *Non.*

P.: *Mirade... lembrades que viña así? (ensinándolles a casca e a Rex)*

BA.: *Nun ovo!*

P.: *Escondidiño, escondidiño...e por que viña nun ovo, a ver?*

Ad.: *Eh...porque naceu.*

P.: *De onde nacían os dinosauros, entón?*

BA.: *Dun ovo.*

Ad.: *Pero non o ovo dunha galiña.*

P.: *Non, dun ovo dunha galiña, non. Un ovo da mamá dinosauro, verdade?*

Todos: *Sii*

P.: *As galiñas teñen os ovos moi pequenos, verdade? E o dinosauro...*

Ad.: *Son máis grandes ca este cole e podían facer así: Raw! (onomatopea do dinosauro)*

P.: *Raw!*

...

P.: *Acordádesvos de que cousas fixemos cos dinosauros?*

Es.: *Si.*

BA.: *Xogar.*

P.: *Xogamos cos dinosauros. E a que xogamos?*

BA.: *Ó bingo.*

P.: *(ante a falta de máis ideas acerca do levado a cabo no proxecto, a entrevistadora ensínalles unhas fotos) Imos ver aquí unhas fotos, vale? A ver se nos acordamos. Que pasou este día? (amosándolles unha foto do día en que Rex chega a aula)*

BA.: *Si, pero tamén había un crebacabezas (refírese á actividade “Xogamos a ser paleontólogos” polo que deixamos de prestar atención á outra foto).*

P.: *Había un crebacabezas, Bruno lémbrese da actividade do crebacabezas, aquí hai unha foto. E como se chamaban as persoas que buscaban os ósos dos dinosauros?...era moi difícil, esa palabra eh!*

Todos: *Eh...*

BA.: *Pale...pale...paleontólogo.*

P.: *Paleontólogo...moi ben, Bruno! E agora fixémonos nesta imaxe, a ver que pasou ese día. (ensinándolles unhas fotos da actividade das pegadas)*

Es.: *As pegadas.*

P.: *As pegadas...moi ben Estela! e por que as fixemos? Quen máis as facía?*

BA.: *Había unhas pegadas aí nun póster e cada día poñiamos unha (refírese ó panel de motivación).*

P.: *Pero poñiamos sempre pegadas?*

Ad. e BA.: *Non, se nos portábamos mal non.*

P.: *Claro...aquí teño outra imaxe...que fai Íker aquí?* (a entrevistadora ensínalles unha foto do seu compañeiro Íker na que lle estaba ensinando e explicando un libro seu de dinosauros).

BA.: *Ensinando o libro dos dinosauros. Aquí está...* (sinala na foto o panel de motivación ó que se refería previamente).

P.: *Si...aquí está o panel que dicías ti... e aquí, que facíamos? Que disto si que vos acordabades* (foto do Dinobingo).

BA.: *Xogando ó bingo.*

(Comentamos algunha foto máis das actividades)

P.: *Moi ben...Mirade, e nós...que aprendemos dos dinosauros?*

BA.: *Comían herba e carne.*

BA.: *E algúns comían de tódalas cousas.*

P.: *Si, algúns comían as dúas cousas.. e eran grandes ou pequenos?*

BA.: *Grandes e pequenos.*

P.: *Grandes e pequenos....e levábanse ben, sempre? Eran sempre amigos?*

BA.: *Algúns non. Os herbívoros a veces pelexaban...e os carnívoros...*

P.: *Con quen pelexaban?*

BA.: *Cos carnívoros e a veces tamén os herbívoros loitan contra outros herbívoros.*

P.: *Entre eles, verdade?*

BA.: *Si, e os carnívoros igual, tamén.*

P.: *Moi ben...e, eran todos iguais?*

BA.: *Non, uns tiñan o pescozo longo, outros tiñan cornos.*

Ad.: *E outros eran verdes.*

P.: *Uns eran verdes, outros tiñan o pescozo longo, outros tiñan cornos...e tiñan pinchos algún?*

BA.: *Si, como un Estegosauo.*

P.: *Que máis nomes sabemos dos dinosauros?*

BA.: *Triceraptos, Pterandon.*

P.: *O Estegosauro, Triceraptos, Pteranodon...*

BA.: *Tamén o Tiranosauro...*

P.: *O Tiranosauro Rex.... e que foi o que máis vos gustou de estudar os dinosauros?*

BA.: *A min todo.*

P.: *Gustáronche tódalas cousas?*

Es.: *A min tamén.*

Ad.: *A min todas.*

P.: *E se tivésedes que estudar outra cousa, que cousa vos gustaría? Outro animal? Outro país? Que este ano estudamos México, que vos gustaría?*

Ad.: *Ou un mono!*

P.: *Os monos?*

Es.: *Si.*

BA.: *Os leopardos.*

P.: *Así que, gústanvos os animais verdade?*

Es.: *Si.*

Ad.: *Os lobos...*

...

P.: *Vale...pois xa está, vales? Xa acabamos, que fácil foi verdade?*

Todos: *Si.*

ANEXO III: Actividades do proxecto “Os Dinosaurios”

Fabricamos as nosas pegadas



Dinobingo




Inventamos un conto e representámolo



Os dinosauros agóchanse na aula



Os caraveis cambian de cor




Xogamos a ser paleontólogos



ANEXO IV: Debuxos dos dinosauros

Debuxo 1 (Amina, 4 anos e 7 meses)



Debuxo 2 (Bruno Gómez, 6 anos)



Debuxo 3 (Bruno Atán, 5 anos e 10 meses)

